

# Off

## Off nº 13

Off postal de Nadal. ¿Temos dereito a sentimos indignados? ¿É necesario sacrificar tanta nécora nos altares na felicidade humana? ¿É posible disentar, contestar, revoltarse contra o Nadal e as poutas das multinacionais? ¿Debemos prestar atención á mensaxe do rei e imaxinar un significado profundo? ¿Estamos obrigados a admirar a alguén como Penélope Cruz? ¿Podemos confiar na calidade do champán? ¿Chega con montar un cristo cada ano? ¿Sería inmoral asasinar a Santa Claus? ¿Existen mecanismos legais para combatir a horterada, o cutrerío e a iluminación municipal? ¿Como denunciar os abusos no precio da coliflor? ¿Por que ese esquecemento sistemático da figura de Herodes nos beléns? ¿Non sería recomendable substituír os abetos por eucaliptos? ¿Que fai o goberno mentres estamos ocupados en ser felices? ¿Non deberían os sindicatos reclamar das empresas cestas de Nadal dignas e competitivas? ¿Por que o Vaticano non contrata nunca a Anthrax no Concerto de Noiteboa? ¿De onde sae tanto pingüín a noite de Fin de Ano? ¿Por que a policía non fai nada? ¿Que significa exactamente a palabra "Cotillón"? ¿Quen inventou as panxoliñas? ¿Canto cobra Juan Pardo por imitar a Gayoso? ¿É posible amármonos os uns aos outros nestas circunstancias?

Última liña: entrevista a Herman Hesse: "Aquele mirada dicía: "Olla, estes monos somos nós! Olla, así é o home!" E toda celebridade, toda discreción, todas as conquistas do espírito, todos os avances cara ao grande, o sublime e o eterno dentro do humano, caeron a terra e eran un xogo de monos."

**Carlos Santiago**



revista das letras 399



**A crítica da razón árabe**



Suplemento de O Correo Galego que aparece os xoves. Coordinación: A.R. Lopez e Soedade Noia.  
Deseño: Anton Lopo; Maquetación: Carme Botana. Fotografía: Chico Miras e Chicho Seoane.  
Infografía: Teresa Tojo. Fran Domínguez e Alberto Rivadulla.  
E-mail: RdL@correeogalego.es



**Neste principio de século, o pensamento árabe parece desgarrado entre un fundamentalismo que quere reconstruír o presente, a partir dun pasado idealizado, e unha modernidade que rexeita a tradición. No ensaio ‘Crítica da razón árabe’, o filósofo Mohammed A. al-Yabri rexeita esta falsa alternativa e explora unha vía de acceso filosófico orixinal á modernidade árabe. Nun momento en que as convulsións sacoden o seo do mundo do Islam cos múltiples enfrontamentos entre as forzas políticas**

# A razón árabe



**fundamentalistas e occidentais, as aportacións de Al Yabri cobran un especial significado. Nacido en Marrocos e profesor de Filosofía desde 1967, Al-Yabri é militante activo da esquerda marroquí e unha das figuras principais da filosofía árabe contemporánea. O seu traballo de clarificación epistemolóxica e de renovación do pensamento árabe desembocou na súa ‘Crítica da razón árabe’ –subtitulada ‘Nova visión sobre o legado filosófico andalusí–, que se publicou en 1982 en Beirut. Agora, a editorial española Icaria analiza de publicar o volume, do que REVISTA DAS IETRAS o capítulo no que explica as bases da súa teoría.**

# d

e vez en cando, escóitanse voces críticas que veñen poñer en cuestión a necesidade de preocuparse polo pasado cultural árabe: ¿por que todo ese interese polo patrimonio cultural? ¿Non significa isto, acaso, abxurar do compromiso intelectual? Algúns chegan a dicir, incluso, que se trata dun fenómeno patolóxico, dunha "neurose colectiva" que afectou ós intelectuais árabes trala derrota de 1967 e lles fixo dar marcha atrás refuxiándose no legado cultural. Os que manteñen esta idea quérianse de que o interese polo pasado cultural nos desvía da modernidade e das súas esixencias. Cegados pola súa crenza, pensan que a tradición árabe-islámica, como toda tradición, non é máis que unha rémora da historia que convén relegar ó pasado e da cal só teñen que ocuparse –no caso de que fora necesario– os especialistas no tema. O interese pola tradición debería quedar, pois, enclaustrado nas aulas universitarias ou nas revistas científicas especializadas. Noutros termos, segundo as citadas voces críticas, o interese dos intelectuais árabes de hoxe polo legado cultural non sería máis que unha preocupación gratuita e inútil vivida a conta da modernidade.

Ó noso parecer, esta postura entraña unha clara minusvaloração da problemática formulada pola cultura árabe. En efecto, o que caracteriza a esta cultura, desde a época de Codificación ('asr at-tadwin) ata os nosos días, é o feito de que a súa dinámica interna non se basea na produción do novo, senón na reprodución do antigo. A partir do século VII H./XIII C., esta dinámica reproductiva caeu nun estado de inercia, repregamento e reiteración. Desde entón, dominou, e segue a dominar, na cultura árabe-islámica o que demos en chamar unha "lectura tradicional da tradición". Neste caso, unha das esixencias primordiais da modernidade é, desde o noso punto de vista, supera-la "lectura tradicional da tradición" para alcanzar unha visión moderna da tradición. Para nosoutros, a modernidade non significa fuxir da tradición, nin romper co pasado, senón máis ben eleva-la nosa maneira de relacionarnos coa tradición no ámbito do que coñecemos polo nome de "contemporaneidade", ou sexa, incorporarmos decididamente ó progreso logrado a escala planetaria. Certo que a modernidade debe busca-la validación dos seus presupostos no interior do seu propio discurso, a saber, o discurso da "contemporaneidade" e non no discurso da "tradicionalidade" (asala), que pretende aferrarse e inspirarse nos fundamentos da tradición. Pero non é menos certo tampouco que a modernidade no pensamento árabe contemporáneo non



alcanzou aínda este nivel e que se limita a inspirarse na modernidade europea da cal extrae os seus fundamentos e as condicións de validación o seu discurso. Agora ben, anque a modernidade europea se presente actualmente como modernidade a escala "universal", a súa simple pertenza á historia cultural específica de Europa, aínda nos casos de contestación interna, incapacítala para establecer unha comunicación crítica e renovadora coa cultura árabe, que ten unha historia diferente. Alínea á cultura árabe e á súa historia, a modernidade europea vese así impedida para establecer un auténtico diálogo coa cultura árabe capaz de suscitar no seu seo algún movemento de transformación, prólogo que se comporta máis ben ante a citada cultura como un ente desafiante que a empurra a ensimesmarse e a repregarse sobre si mesma. Na nosa opinión, polo tanto, o camiño cara a unha modernidade propiamente árabe debe partir necesariamente de espírito crítico producido pola nosa propia cultura árabe. Só deste xeito poderemos desencadear unha dinámica de cambio no interior da nosa cultura. Desde esta perspectiva, a modernidade significa, en primeiro lugar e ante todo, elaborar unha metodoloxía e unha visión modernas do patrimonio tradicional coa finalidade de libera-la nosa concepción do citado patrimonio da carga ideolóxica e afectiva que pesa na nosa conciencia e que nos forza a concibir a tradición como unha realidade absoluta que transcende a historia, en vez de percibila como algo relativo e histórico.

Aquí encóntrase, precisamente, o peculiar da modernidade no que á nosa cultura árabe se refire, é dicir, o papel específico da modernidade na cultura árabe contemporánea, o que a converte por dereito propio nunha modernidade árabe. De feito non existe unha modernidade absoluta, universal e a escala planetaria, senón múltiples modernidades, diferentes dunha época a outra e dun lugar a outro. Noutros termos, a modernidade é un fenómeno histórico, e como tal, está condicionada polas circunstancias nas que se manifesta, e circunscrita a uns límites espacio-temporais marcados polo devir da historia. A modernidade difire segundo o lugar e segundo a experiencia histórica. Por exemplo, a modernidade europea é diferente da modernidade chinesa ou da xaponesa. Hoxe en día, fálase en Europa de "posmodernidade" entendendo que a modernidade concluíu a finais do século XIX como o gran período histórico subsecuente ó Século da Luces (s. XVIII), o cal viñera superar, pola súa parte, ó 'Renacemento' (s. XVI).


A situación no mundo árabe é totalmente distinta: o 'Renacemento', as 'Luces' e a 'Modernidade' non representan no noso ámbito cultural etapas sucesivas de superación, senón que se trata máis ben ó contrario, de etapas que se entrelazan e coexisten no seo da nosa mesma contemporaneidade, o comezo da cal se remonta a pouco máis dun século. Por iso, ó falar de "modernidade", debemos evitar –no que a nosoutros se refire– entendela no mesmo sentido que a entendemos os intelectuais e pensadores europeos, para quen a modernidade é a etapa que rompe co Século das Luces e co Renacemento, o cal se fundaba, ademais, no intento de revitaliza-la tradición da Antigüidade clásica nunha certa maneira de asumila. A modernidade árabe, tal como se presenta na nosa situación presente, é á vez o Renacemento, as Luces e a superación das dúas etapas, polo que tódalas expresións da modernidade deberán xirar en torno ós principios de racionalidade e democracia. Os citados principios non son, por outro lado, artigos de importación, senón prácticas concretas que responden a unhas regras ben definidas. De seguro que se non poñemos en práctica a racionalidade dentro da nosa tradición e non desenmascaramos os elementos de despotismo que a habitan e denunciámola-las súas manifestacións,

seremos incapaces de construí-la nosa propia modernidade, é dicir, unha modernidade na que comprometernos e na que actuar, con e a través dela, como axentes da modernidade universal e non como simples pacientes.

Quizais poidan obxectar algúns propagandistas da modernidade que eles perciben a modernidade "universal" tal como é, como unha presenza independente que se basta a si mesma. Pese a que témo-las nosas dúbidas de que unha tal situación poida darse realmente, é dicir, que un intelectual poida vivir unha modernidade que se baste a si mesma, estamos dispostos a admitir dialecticamente esta tese, pero só como solución a problemas individuais. Quen sosteñen esta tese, non fan máis que medi-la cuestión da modernidade cun baremo estritamente persoal restrinxindo o problema ó puro ámbito da experiencia e das circunstancias individuais. Para algúns, esta postura pode ser considerada verdadeiramente moderna, partindo da idea de que a modernidade consagra o valor do individuo como tal, polo que estaríamos ante unha modernidade "individualista". Sen embargo, pensamos que esta forma de explicala modernidade é errónea, porque de ser así, os intelectuais citados non sentirían necesidade ningunha de crítica-lo interese que outros demostran polo pasado cultural. ¿Que lles importaría, en tal caso, ese "outro" se a modernidade fose, como din, unha simple postura individual?

Non; a modernidade non é unha cuestión de postura individual, máis que na medida en que dá libre curso á expresión do espírito crítico e á creatividade no seo dunha determinada cultura, entendendo a crítica e a creación como actividades individuais realizadas por individuos en tanto que individuos e non como representantes dun grupo. Pero aínda así, a modernidade non representa unha actitude negativa, de retiro ou de repregamento sobre o eu. A modernidade, pese á importancia que lle concede ó individuo como valor en si mesmo, non é un fin por si soa. É, polo contrario, un fenómeno que ten lugar a escala global e coas miras postas na totalidade dos fenómenos da cultura en que se produce. A modernidade pola modernidade é unha idea absurda. A modernidade é unha mensaxe e un impulso renovador: modernización tanto da mentalidade, como dos criterios intelectuais e perceptivos. Pero, cando a cultura dominante a que nos enfrontamos é unha cultura tradicional, o discurso en pos da modernidade deberá orientarse primordialmente cara á tradición co fin de facer unha relectura de todo o legado cultural e presentar unha visión contemporánea del. Dirixi-la modernidade, co seu discurso, o seu método e a súa visión do mundo, cara ó legado cultural é a única forma posible, nas actuais condicións, de facer que a maior parte dos intelectuais, da poboación instruída e do pobo en xeral, abracen a modernidade e que os postulados desta sexan levados a efecto. Fronte a iso, o repregamento cara a un individualismo narcisista conduce necesariamente a un exilio suicida e á automaxinación.

Certos intelectuais que se presentan entre nosoutros como partícipes da "modernidade", levantan a bandeira da democracia reducíndoa a unha simple cuestión de liberdade individual e ó mesmo tempo rexeitan a racionalidade co pretexto de que esta impón a "orde" e restrinxen a "liberdade". Desta maneira, estes intelectuais limitáanse a imitar pura e simplemente certas tendencias da modernidade europea, ignorando –ou facendo como que ignoran– a enorme diferenza existente entre a nosa situación e a de Occidente. É verdade que no Occidente industrializado, o racionalismo invadiu tódolos sectores da vida individual e colectiva, e que chegou a dominar por completo o conxunto das relacións sociais e a concepción do mundo, así como a xeneralidade do pensamento e dos comportamentos huma-



nos. Os efectos dunha organización racional da economía, da administración, dos aparatos do Estado e das institucións, acabaron por incidir na totalidade da existencia individual e colectiva. A revolución tecnolóxica e informática impúxolle-lo seu carácter sistemático a tódolos aspectos da vida humana, poñendo en perigo o estatuto ético do home, e incluso a súa especificidade como ser libre, ou mellor dito, como ser a liberdade do cal é a condición necesaria para a súa completa realización existencial. Pero aínda hai máis, o racionalismo extralimitouse en moitos outros campos explotando a ciencia e a tecnoloxía –que desde este mesmo punto de vista racionalista, deberon estar ó servizo da liberdade humana e do dereito dos pobos– para producir innumerables xeitos de aniquilación de masas e de persoas perseverando na diversificación dos instrumentos de exterminio e no incremento das súas cualidades técnicas. Obviamente, a reacción humana, xusta e natural, incluso desde o punto de vista da modernidade, foi a de rebelarse contra este absurdo irracional no que desembocou o racionalismo moderno. Esta rebelión fixo caer a algúns por diferentes razóns, as máis das veces persoais –como a capacidade para afirmarse na sociedade– nas posturas de tendencias místicas, relixiosas ou non, que os levaron a adoptaren posicións hostís a toda forma de racionalidade.

Algúns dos que proclaman entre nosoutros a "modernidade", adoptan esta posición irracionalista, polas razóns mencionadas, imitando así posicións carentes de xustificación na realidade árabe.

O mundo árabe sofre, actualmente, o dominio doutro tipo de irracionalismo completamente diferente ó irracionalismo da Europa contemporánea. Trátase dun irracionalismo puramente medieval con todo o que iso supón de relación tiránica entre gobernantes e gobernadores, tanto no plano ideolóxico como no social. Ante un irracionalismo retrógrado desta especie, faise palmariamente necesario o racionalismo como única arma eficaz. ¿Como é posible concretar unha modernidade sen razón nin racionalismo? ¿Pódese acaso aspirar a un renacemento sen unha razón renovadora? A hostilidade e os ataques contra o racionalismo nunha situación como a nosa evidencian unha actitude puramente escurantista e irracional. Quen se introduce por esta senda escurantista, está condenado a camiñar a cegas. A razón é unha lámpada que o ser humano ha de acender, non só para alumearse nas tebras, senón incluso para orientarse tamén a plena luz do día.

Tal é a nosa concepción da modernidade no sentido de cómo debería ser definida atendendo a nosa realidade árabe contemporánea. Ha de consistir en dous principios ineludibles: racionalidade e democracia. O tratamento racional e crítico de cada un dos aspectos da nosa existencia árabe –onde o patrimonio tradicional (turat) representa o feito máis actual e enraizado en nosoutros– é a única e máis xenuína tendencia cara á modernidade. Así, a "necesidade de preocuparse pola tradición" vén dictada pola necesidade de moderniza-la nosa relación co patrimonio tradicional árabe-islámico cunha dobre finalidade: dun lado, para que ese patrimonio sirva á modernidade, e, doutro, para conseguir arraiga-la modernidade dentro da nosa propia especificidade histórica.

MHAMMED ABED al-YABRI

# Off


## nº 14

Off regresa do seu breve letargo invernal reivindicando o colapso sináptico, a licantrópia e os abrazos contranatura. Off promete novos haikus electrónicos, novas epidemias e infeccións subcutáneas, novos itinerarios subversivos, caldo de galiña para disidentes estameados e puzzles cognoscitivos no abreite do ano capicúa. En catro palabras: a cousa sigue fodida. Isto, poñamos por caso, é un virus, unidade ínfima de palabra e imaxe. Somos máis cultos, mais vellos e mais intelixentes que hai un par de semanas. Necesitamos cambios. Autofagocitación. Canibalismo celular. Un salto evolutivo. O cerebro, célula de células, debe assimilar a súa propia mitocondria: expansión psicofónica da neurona. Pensar produce ruído. Pero podemos deducir novas harmonías. Millóns de seres humanos procuran unha nova relixión no caos, no azar e nas borras do café. Fodorowski afirma en televisión que o inconsciente acepta a metáfora. O amigo do amigo do amigo dun fascista non ten por que ser un fascista. Tres conceptos irreducibles da amizade colisionan nesta secuencia. A orixe de todas as traxedias reside en malentendidos deste tipo. Pero Off celebra cínicamente o cambio climático. As novas divindades, os novos heroes, e as epopeias futuras nacerán nas oficinas de bancos, inmobiliarias e compañías de seguros, alí onde o sistema é incapaz de pensar as súas propias contradicións. Kafka, Topor, Stockhausen, Off vota por vós!


**OFF CONCURSO RELIXIOSO:** Off sorteará tres bonecas vudú entre os lectores que envíen propostas para organizar un motín dadaísta na Catedral de Santiago e inventar un novo deus. Envía as túas ideas, planos e orzamentos a .

**Última liña. Entrevista a René Thom:** "Se os feitos non nos sorprenden, non aportarán ningún elemento novo á comprensión do universo. O mesmo ten ignoralos".

**Carlos Santiago**



revista das letras 399




## A guerra fraticida



Suplemento de O Correo Galego que aparece os xoves. Coordinación: A.R. Lopez e Soedade Noia. Deseño: Anton Lopo. Maquetación: Carme Botana. Fotografía: Chico Miras e Chicho Seoane. Infografía: Teresa Tojo. Fran Domínguez e Alberto Rivadulla. E-mail: Rdl@elcorreogallego.es

*Na fronteira onde India e Paquistán concentraron as súas tropas, os incidentes son diarios e anque as dúas potencias nucleares non están en guerra, aquí domina o medo. Decenas de miles de habitantes desta zona fronteiriza fuxiron dos disparos cotiáns de artillería, de morteiro e de armas automáticas deixando tras eles vilas fantasmas, unha situación inédita desde o terceiro e o ata agora último conflito bélico de 1971. Durante este conflito, o exército paquistaní logrou apoderarse do distrito de Chamb, de maioría hindú, e uns 1.800 refuxiados foron instalados polas autoridades indias na zona estratéxica lindante con Chicken's Neck (Pescozo de polo), que é como se co-*

# Caxemira 1947-2002



*ñece unha estreita franxa que rodea a fronteira da India caxemita. Neste territorio, eixo de boa parte dos combates que manteñen indios e paquistanís desde hai anos, os impactos de bala nos muros e os pequenos cráteres deixados polos obuses de morteiro son a mostra do perigo que paira permanentemente sobre a poboación. Aquí, os nenos teñen o reflexo de botarse inmediatamente ó chan cando escoitan unha detonación. A maioría das escaramuzas prodúcense á noite ou de madrugada e algunhas abandonan de noite as súas residencias para regresar en canto chega a mañá. Este é o panorama de Caxemira, unha terra mítica para os indios que os paquistanís reclaman para a fe de Mahoma e que foi escenario, repetidamente, de guerras que provocaron miles de vítimas, desprazamentos humanos e o desamparo de boa parte da poboación. O xá tradicional receo entre ambos países, eixo deste monográfico de REVISTA DAS LETRAS coa colaboración especial de Xulio Ríos, fíxose especialmente tensa coa crise desatada polo atentado suicida do 13 de decembro contra o parlamento federal indio, a raíz do cal Nova Deli esixiu ás autoridades paquistanís prohibir as actividades das organizacións islamistas implantadas no seu territorio.*

# Conflicto fratricida

# a



Na mítica da sociedade india establécese que o lugar máis fermoso do mundo é Caxemira, embriada esta crenza no feito de que os deuses descansan nas montañas e é nos cumios –tan próximos os de Caxemira ó Himalaia– onde reside a pureza. Manter esta terra idealizada baixo os seus dominios estalle custando á India un longo conflito bélico, miles de mortos, a inestabilidade política e a sombra da ameaza nuclear co seu irmán Paquistán, terra tamén escindida traumáticamente da 'nai India' por mor dos fundamentalismos relixiosos. E é que os actos máis crueis danse especialmente entre irmáns. **REVISTA DAS LETRAS** analiza neste monográfico algunhas das claves dun conflito que naceu, mesmo, coa independencia conxunta dos dous países.

historia da India é unha historia ategada de guerras e de sangue. Sangue que, sobre todo, correu polos violentos enfrontamentos entre islámicos e hindús desde, no século XI, comezou a invasión musulmana. Convén aclarar que esta India da que falamos non é o moderno estado xurrido da independencia da Gran Bretaña en 1947, senón a gran rexión hindustaní, que abrangue o Paquistán actual, o Bangla Desh, Sri Lanka e algunhas das terras que ocupou a China. Porque India –a Barath "terra nai"– conforma unha área de pasado común que arrinca na Civilización do Indo e no Val do Ganxes para alongarse nas raíces dravídicas e a cultural Tamil, desde a cordilleira do Himalaia e o Beluchistán ós ollos rasgados de Manipura, desde a cordilleira do Himalaia ó Cabo Comorín, onde o sol nace e se pon polo mar. E esta India, superposición de culturas e de linguas, de razas e cronoloxías, é tanto o resultado dun proceso que se alicerza no hinduísmo e as invasións indoeuropeas como na impronta deixada polo islamismo ou o pouso de tez escura que quedou encunado ó sur do Decan.

O proxecto para dotar de entidade nacional a este conxunto heteroxéneo, de odios interraciais continuamente reavivados pola mitoloxía das súas comunidades, foi o máis apaixonante proxecto de primeiros do século XX que se rexistrou en Asia, se ben a orixe desta vontade arrinca do romanticismo do XIX e constrúese a partir da entidade que a Gran Bretaña, coa ocupación colonial, lle dá á área: por vez primeira, a grande India ten un inimigo único e común ó que combater, sen distinción de razas ou relixións. O que fora unha masa máis ou menos mórfida transformouse, en prol da liberación, nunha resistencia que, gracias á Literatura e a unha singular experiencia política, canaliza a dispersión e as leas nunha vontade compacta.

Cronoloxicamente, o nacionalismo indio comezou a tomar pulos ó tempo que en Galicia aparecía o Rexurdimento, é dicir na segunda metade do século XIX. Como en Galicia, tamén, o movemento non pretendía ó primeiro a independencia senón unha caste de reforma constitucional que liberalizaran o réxime británico. É un movemento intimamente ligado ó desenvolvemento cultural de corte occidental entre a burguesía nacional, os profesionais e os estudantes, que culminaría en 1885 coa creación dunha gran formación política laica, de corte frontista: o Partido do Congreso, ó que se filiaron desde as

correntes máis conservadoras e moderadas ás independentistas.

Xa nestes primeiros intentos de vertebrar a resistencia anti-colonialista, o dominio británico deixou clara cal sería a súa política para dividir a resistencia e converterse no árbitro imprescindible: acirrar as diferencias relixiosas que, a pesar do laicismo declarado do Congreso, seguía encistada nos islámicos e os hindús. O síntoma desta orientación estratéxica amosouse cando a administración da coroa decidiu partir Bengala en dous estados: o occidental, de maioría hindú e capital Calcuta (actual Cólcata), e o oriental, de maioría musulmana e capital Dacca, actual Bangla Dex.

A estratexia ía logrando os seus éxitos pouco a pouco e, a medida que o Partido do Congreso se ía convertendo en hegemónico dentro dos primeiros banzos de autonomía que a potencia colonial lle concedeu á India, as divisións fixéronse máis fondas e no 1906, naceu a Liga Musulmana, unha formación de neto corte confesional.

## [Liga Musulmana]

Coa caída do imperio mogol (en decadencia desde o século XVIII, anque o último emperador dunha dinastía mogola non foi expulsado ata 1858 polos ingleses) e a conquista británica, os musulmáns perderan o papel de protagonistas políticos que desempeñaran durante centurias. A súa decadencia aínda fora máis grave no plano económico-social, xa que os hindús eran máis numerosos, máis ricos e máis cultos, e a desconfianza de que a independencia fose liderada polos hindús acabou por mobilizar as empobrecidas masas do Islam nunha cada vez máis radical postura fundamentalista.

De feito, esta división chegaría a impedir moitos dos acordos entre os nacionalistas do Partido do Congreso (no que tamén había militancia musulmana) e os británicos. Mesmo, chegou á situación de que a Liga Musulmana se opuxese, en 1940, á solicitude de independencia e presentase a alternativa de crear estados islámicos nas rexións con maioría de poboación desta relixión. O enfrontamento resultou irreversible cando, finalmente, o Partido do Congreso logrou o compromiso da independencia por parte da Coroa británica que, antes de abandonar a colonia, e ante unha escalada de violencia entre as dúas relixións, decidiu escindir o país en dous estados: a India hindú, con capital en Deli, e o Paquistán musulmán, con capital de Carachi. Este último estado, quedou dividido en dúas áreas que distaban máis de dous mil quilómetros entre si e que, despois dunha conflictiva peripecia histórica de varias décadas, se asentaría con dous países: Paquistán e Bangla Dex, independente desde 1971.

## [A división]

Coa división, ademais, Gran Bretaña quería apuntarse un triunfo a posteriori, xa que, entre as súas previsións, agardaba que indios e paquistaníes non tivesen máis remedio que, ó final, regresar os seus ollos á patria nai e pedirlle que mediasse no conflito, prolongando así a coroa a súa presenza na área, a máis rica e de maior produtividade de cantas posuía o imperio británico.

As disputas polo establecemento das fronteiras políticas provocou unha sanguenta loita fraticida e un dos éxodos migratorios máis vastos da historia humana: dez millóns de per-

soas abandonaron a súa residencia a un lado e outro da liña que dividiu India e Paquistán e que, entre outras consecuencias, levou a partir o Puñab en tres estados: un paquistani, outro indio e, finalmente, Harlana, onde se concentraron os hindús puñabís.

O símbolo desta traxedia con miles de mortos foi o asasinato de Gandhi, líder do Partido do Congreso, a mans dos radicais hinduístas, facción practicamente irrelevante no proceso da India que se nutriu do odio musulmán. Gandhi, nacido en 1869, é sen dúbida ningunha a figura máis importante do pacifismo mundial do século XX gracias á súa *non violencia*, filosofía que logrou estarrecer os alicerces do imperio británico e, sen impoñer a violencia, lograr a independencia.


Gandhi dirixiu as grandes campañas de desobediencia civil e foi o máis vehemente defensor da integridade da India fronte a musulmáns secesionistas e hindús compracentes cos británicos. A súa visión encaixaba perfectamente coa idea que tiña do que debería ser a India: un estado pluricultural e laico. De feito, a filosofía de Gandhi deu pé a un afevoadado movemento sincrético que tratou de fundir desde o budismo ó cristianismo, pasando polo hinduísmo e o islam.

A súa intervención directa no conflito de matanzas e éxodos conseguiu atenuar o conflito nas rexións orientais (fronteira de Bangla Dex) pero, ó mesmo tempo, provocoulle o odio dos fundamentalistas hindús, que nel vían, como cabeza visible do Congreso, o responsable máximo da escisión da India, xa que, para estes fundamentalistas, India era homoxenamente hindú, sen cabida para a relixión que impuxeran os invasores musulmáns. O odio levou a que o máis acirrado dos fundamentalistas asasinase a Gandhi só seis meses despois de que a India lograra, no 1947, a súa independencia.

## [Paradoxos do destino]

Paradoxos do destino, a sociedade india actual levou nas últimas eleccións ó poder ó conglomerado de partidos hindús —desde moderados a radicais, incluídos os que asasinaron a Gandhi— baixo as siglas do BJP (Partido do Pobo da India), encabezado polo primeiro ministro Atal Bihari Vajpayee, un poeta solteiro de probada honradez que cada día debe facer equilibrios para temperar as furias fundamentalistas e ó que a nova escalada bélica con Paquistán lle está dando notables cotas de popularidade. É a mesma sociedade que, hoxe, desmitifica a Gandhi, caído no desprestixio do seu pacifismo e ridiculizado pola mercantilizada xuventude india por desprezar o poder que lle correspondía, xa que Gandhi rexeitou calquera cargo político trala independencia para seguir os seus principios de pobreza e *non violencia*.

O actual enfrontamento entre India e Paquistán é un capítulo máis das liortas que ambos estados mantiveron desde 1947. O foco polo que se manifesta esta tensión é Caxemira. Xa o foi en decembro dese 1947, só dous meses despois da independencia, nunha guerra que se prolongou dous anos e que acarreeu a partición de Caxemira en dúas áreas: unha de control indio ó sur e outra paquistani ó norte. As desavizas foron aproveitadas pola China para anexionarse outro anaco do territorio ó leste, en pleno Himalaia. A partir de entón, o conflito entre os dous países irmáns regresa periodicamente á actualidade, con miles de mortos xa no seu hiso-



trial e un maior recrutamento a partir dos anos oitenta. Paquistán elixiu, ademais da vía bélica, o apoio de distintos grupos terroristas fundamentalistas que, con insistencia, asolan a Caxemira india e chegaron á súa máis espectacular misión atacando o pasado decembro o Parlamento indio, co mesmo Vajpayee dentro.

Parelamentalmente, as dúas superpotencias da guerra fría, Estados Unidos e a Unión Soviética, tiveron os seus respectivos aliados na zona. O sucesor de Gandhi no Partido do Congreso foi Jawaharlal Nehru, primeiro xefe do Goberno da India e pai da saga que gobernaría o país ata primeiros dos anos noventa, coa súa filla Indira Gandhi como máximo expoñente. As preocupacións sociais centraron o seu goberno, cunha aproximación á Unión Soviética que se fixo máis firme trala guerra coa China, en 1962. Indira, na última etapa do seu goberno, estreitou aínda máis aqueles lazos, con principios próximos en certos aspectos ó comunismo soviético, características que provocou o malestar de Estados Unidos, temeroso da ameaza vermella que se abría en Asia. Este temor alentou a aproximación a Paquistán do que se converteu en fervente aliado ata hoxe, mesmo a pesar da escasa tinguadura democrática que tiveron os sucesivos réximes paquistaní.

## [Potencias nucleares]

Por se non abundasen as escaramuzas, tanto Paquistán —con axuda tecnolóxica dos seus protectores— como a India —coa da extinta Unión Soviética— desenvolveron un programa nuclear que colocaron a ambos países no selecto club das potencias nucleares. Con este novo estatus, non tardou en saltar a alarma do mundo enteiro cando ambos países comezaron en 1998 as súas probas nucleares, o que lles valeu o boicó de Estados Unidos, roto posteriormente ante a cruzada de Busch contra o terrorismo internacional. Iso non impediu que tanto Paquistán como India continúen á obra. Informes da CIA, por exemplo, só relativos a India, revelan que o país conseguiu nos últimos anos asistencia estranxeira para o seu programa civil de enerxía nuclear, principalmente de Rusia, e conta así mesmo con asistencia estranxeira para o desenvolvemento de mísiles.

A isto engádense os acordos asinados recentemente con Rusia, cun investimento de case 3.000 millóns de euros. A desculpa da India para este dispendio armamentístico nun país no que a fame se extinguiu pero continúa encabezando os índices de pobreza é restablecer o equilibrio militar con Paquistán, incansable nos seus investimentos bélicos pese a ter índices aínda máis alarmantes de pobreza que os seus irmáns. Tampouco se poden esquecer os lazos comerciais que, na última década, estreitaron a India e Israel, especialmente na fabricación de armas.

E todo isto nun momento en que tanto a India como Rusia ou China —tradicional aliado de Paquistán en Asia e acérrimo inimigo da India por acoller desde 1959 ó Dalai Lama— se perfilan como as grandes esperanzas para o reactivo do mercado internacional, xa que India e China comezaron nos anos noventa a súa apertura comercial exterior e, deste xeito, abriron un mercado potencial de case tres mil millóns de persoas.

# ¿A onde podemos ir?

# m

Mentres se escoita o son dos morteiros no leste, un convoi de camiións cheos de campesiños, equipaxe e animais de granxa saíu da cidade o domingo pasado, en dirección oposta, parte dun éxodo de centos de miles de persoas que temen que Caxemira volva converterse nun campo de batalla.

Desde os desertos da provincia de Sindh no sur, ás chairas de Punjab e ás montañas do Himalaia en Caxemira, un gran número de pobos da fronteira entre a India e Paquistán quedáronse baleiros na última semana. Despois de case un mes de intercambios verbais subidos de ton entre a India e Paquistán e de escalada militar nas dúas partes da fronteira, a guerra non estoupou aínda oficialmente. Pero aquí en Caxemira, a parte máis polémica da fronteira, as baixas civís son cada vez máis, con dúas ducias de mortos e centos de feridos tan só na parte paquistaní da fronteira.

Na fronte diplomática, os líderes dos dous países, estreitaron a súa man a pasada fin de semana e moitos membros dos seus gobernos expresaron con cautela a súa esperanza en que as

tensións se relaxen nos próximos días. Pero despois de tres guerras, dúas delas por Caxemira, e varios enfrontamentos militares desde 1947, a xente chegou á conclusión de que permanecer aquí é demasiado arriscado. "Eramos optimistas sobre que a situación podería mellorar, pero todo foi a peor, así que fuximos", di Malik Latif, de 42 anos, que recrutou 15 familiares e abandonou Javra, unha localidade situada a pouco máis dun quilómetro da Liña de Control. "Non sei se haberá guerra ou non, pero non vou quedarme para averigualo".

## [Están sós]

A maioría das familias fuxiron fóra do alcance da artillería india, algúns tan lonxe como a Rawalpindi ou Islamabad, un camiño de seis horas en coche a través de estradas en moi mal estado. Outros, sen embargo, non teñen onde ir e acampan á beira de camiños que atravesan as montañas da rexión, segundo aseguran fontes locais.

"Moita xente está en condicións penosas", di Hamid Mumtaz, un administrador civil de Hajira. "Son un funcionario do goberno, e dígoche que están facendo moi pouco por esta xente. Están sós".

Sayyad Uzam, un voluntario na localidade de Kotli, di que catro civís foron asasinados e que outros 150 foron feridos neste distrito, por non mencionar a perda de vacas e búfalos acuáticos. Segundo asegura, arredor de 3.000 persoas foron evacuadas dos pobos do leste de Kotli e espérase que a cifra aumente en pouco tempo. As balas voan en ambas direccións, pero a India animou a xente a abandonar a súa parte da Liña de Control, polo que reduciu o número de baixas. Paquistán, sen embargo, non fixo ningún esforzo para convencer a xente de que abandone a zona máis perigosa, polo que aínda quedan moitos campesiños nesta área. Moitos din que a súa familia viviu nesta sección de Caxemira durante xeracións, e por iso son remisos a irse, a pesar dos riscos. "Esta é a nosa casa. Aquí é onde vivimos sempre", di Mohammad Afzar, que evacuaba a súa familia desde Javra para irse con outros familiares a un localidade a uns vinte quilómetros de alí. "¿A onde máis podemos ir?".

CRAIG WILLOCK



Unha familia hindú abandona a súa aldea na fronteira de Paquistán

# Longa crise

**Caxemira vive tradicionalmente nunha situación de grande inestabilidade e violencia por mor da sucesión de interminables enfrontamentos entre diferentes grupos armados**


# n

o fondo do actual enfrontamento, o escenario de Caxemira, territorio disputado polos dous países, recupera a súa actualidade. Como é sabido, todo comezou coa independencia de India e Paquistán (1947) que non soamente implicou un dos maiores desprazamentos humanos da historia recente (10 millóns de persoas) senón que deixou sen solución algúns conflitos territoriais cun enorme potencial desestabilizador. Por aquel entón o maharaja hindú que dirixía o reino de Caxemira, partidario da independencia pero cunha poboación maioritariamente musulmana, renunciou a unha proclamación secesionista ante o temor de suscitar unha rebelión popular que o levaría directamente aos brazos de Paquistán. O Exército de Islamabad interveu daquela para apoiar unha revolta que paradoxalmente produciu o efecto contrario ao desexado e inclinou a balanza a favor de India en ou-

tubro de 1947. A petición do maharaja, Nova Deli enviou as súas tropas a Caxemira concluíndo a guerra en 1949 cun acordo de cese de hostilidades e a rexión dividida en dous anacos, unha parte controlada por Paquistán (Azad Kashmir ou Caxemira libre) e outra baixo dominio de India (Jammu e Caxemira). A segunda guerra indo-paquistaní de 1965 non modificou substancialmente estas posicións.

Paquistán segue a reclamar a totalidade da rexión e a organización dun referendo de autodeterminación baixo supervisión de Nacións Unidas, tal e como a India de Nehru se comprometeu a realizar no seu momento. A India, pola súa banda, considera que Caxemira chegou a ser parte do país de forma totalmente legal (segundo a normativa que regulaba a transferencia de poderes entre a antiga administración británica e as novas autoridades paquistanís e indias, o maharaja, a título individual, tiña o dereito de opción sobre a integración do seu reino nun ou noutro país) e que sendo un Estado laico, non pode aceptar que unha parte do seu territorio poida ser obxecto de reivindicación externa en función da confesión relixiosa —musulmá— dos seus habitantes. Para Nova Deli, a idea do referendo xa caducou: Caxemira é hoxe un Estado cun nivel de autonomía superior ao de calquera estado hindú e dispón da súa propia Asemblea lexislativa e goberno.

A terceira guerra produciuse en 1971, na parte oriental de Paquistán e culminou co acordo de Simla de 1972 (que sinalou a vixente liña de control ou fronteira de feito entre os dous países na zona de litixio), o nacemento de Bangla Desh e a oposición de India a todo intento de internacionalización do conflito. Dende entón, a parte india de Caxemira vive tradicionalmente nunha



situación de grande inestabilidade e violencia por mor da sucesión de interminables enfrontamentos entre diferentes grupos armados (pro-paquistanís, pro-hindús e o exército).

No verán de 1999 a tensión a grande escala volveu á rexión cando se enfrontaron novamente no chamado incidente de Kargil, localidade da Caxemira india que foi ocupada por guerrilleiros afgáns e paquistanís apoiados por unidades de elite do exército de Islamabad. As presións de Bill Clinton sobre Nawaz Sharif, o entón primeiro ministro, surtiron efecto e aínda que de mala gana ordenou a retirada transformando a inicial vitoria nunha severa humillación que finalmente acabaría por custarlle o posto. Este fracaso conduciu directamente ao golpe militar de setembro e ao ascenso de Musharraf.

A disputa territorial de Caxemira, sempre con resultados desfavorables para Paquistán, está no cerne das motivacións nucleares de ambos países que procuran establecer unha igualación crible en materia militar ata o punto de sacrificar para iso as necesidades máis elementais das súas respectivas cidadanías, afirmando estar dispostos "a comer herba de ser preciso para ter unha bomba", como sinalaba o presidente Ali Bhutto. En consecuencia, ata que non se solucione este problema dificilmente poderá comezar a falarse en serio de desnuclearización ou incluso de plasmación efectivos compromisos asumidos por ambos países de moratoria sobre probas nucleares ou a sinatura do Tratado para a prohibición total das probas nucleares. Con todo, é importante tamén sinalar que no caso de India, na opción nuclear pesa non soamente Caxemira senón tamén os tradicionais rexeos cara ó veciño chinés.

**XULLORÍO S**

No marco nacional, a política ten sen dúbida cada vez máis dificultades para seguir o paso dunha competencia globalizada. A única alternativa satisfactoria, desde un punto de vista normativo, que poda poñer en marcha algo novo, véxoa unicamente na configuración federal dunha Unión Europea capaz de actuar no campo da política social e económica, que poda orientarse cara ó futuro dunha orde cosmopolita sensible ás diferencias e compensadora das desigualdades sociais. Unha Europa que se comprometa a loitar pola domesticación de calquera forma de violencia, mesmo de índole social e cultural, estaría inmunizada fronte á recaída postcolonial no eurocentrismo. Unha perspectiva deste tipo, suficientemente descentrada, pode satisfacer tamén a esixencias do discurso intercultural sobre os dereitos humanos. O concepto de autonomía pertence tamén á autocompreensión da modernidade e suxire un argumento contra a recentemente discutida clonación de organismos humanos.

**Jürgen Habermas**



## **A Europa de Habermas**



Suplemento de O Correo Galego que aparece os xoves. Coordinación: A.R. Lopez e Soedade Noia.  
Deseño: Anton Lopo. Maquetación: Carme Botana. Fotografía: Chico Miras e Chicho Seoane.  
Infografía: Teresa Tojo. Fran Domínguez e Alberto Rivadulla.  
E-mail: Rdi@elcorreogallego.es

# ¿Unha constitución para Europa?

Jürgen Habermas



**O filósofo e científico alemán Jürgen Habermas propugna neste artigo a necesidade de que a Unión Europea teña unha Constitución, primeiro banzo para conseguir a “solidariedade entre estraños”. É o que el denomina unha democracia posnacional capaz de termarse do mutuo recoñecemento das diferencias entre as culturas nacionais. Europa, en calquera caso, apunta Habermas, é un proxecto que só sairá adiante se conta co apoio dos cidadáns e, por esa mesma razón, debería iniciarse cun referendo constitucional tras un amplo debate en toda a Unión.**

# e

xiste un estraño contraste entre as expectativas e as demandas daqueles “europeos do primeiro momento”, que inmediatamente despois da Segunda Guerra Mundial interviñeron a prol da integración política de Europa e que deliñaron o proxecto necesario para alcanzar ese obxectivo, e os que hoxe teñen a tarefa de proseguir ese proxecto. O que chama a atención non é soamente a diferenza de énfase retórica, senón tamén o contraste entre as metas previstas. Mentres que a xeración dos pioneiros invocaba “os Estados Unidos de Europa” e non temían en comparar o seu proxecto co de Estados Unidos de América, a actual discusión distanciouse completamente deses modelos. Incluso a palabra “federalismo” é sospeitosa. A actual situación europea non se pode comparar coa dos ‘federalistas’ ou dos deputados da Asemblea Nacional gala. Tras 200 anos de práctica constitucional non soamente estamos percorrendo sendas coñecidas, senón que a cuestión constitucional non é a clave para solucionar problemas que debemos resolver. Así é, o reto do Estado nacional europeo superando as súas fronteiras e transferíndoos a outro formato; o único novo é a entidade que xurdirá nesa empresa.

A principal forza impulsora da integración, presente ata na xeración de políticos como Helmut Kohl, foi a vontade de acabar definitivamente coas cruentas guerras en solo europeo. Outro motivo foi a aposta pola integración de Alemaña en Europa, co obxectivo de aplacar a desconfianza –historicamente xustificada– ante unha nación central inestable politicamente, pero que pronto se recuperou economicamente. Non obstante, desde un comezo houbo un terceiro elemento de carácter exclusivamente económico na integración europea. Desde a formación da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro (constituída en 1951), cada vez máis países fóronse integrando, mediante o intercambio libre de persoas e produtos, nun proceso que con-

cluíu co xurdimento do mercado común e a moeda europea. Sen embargo, as expectativas económicas non son suficientes como motivo para mobilizar o apoio político da poboación para o arriscado proxecto político dunha Unión Europea que realmente mereza ese nome. Para alcanzar este obxectivo, é necesario ademais unha orientación baseada en valores comúns.

As novas democracias de Europa central e oriental que desexan adherirse á Unión Europea deben encarar os desafíos extremos que formula a fractura do sistema; a resposta deses países foi o retorno ó Estado nacional. Neses países a poboación non está disposta a transferir os dereitos soberanos recén recuperados ás instancias europeas. En vista da escasa motivación das dúas partes, máis resalta aínda o insuficiente que son as razóns simplemente económicas. É imprescindible vincular esas razóns con ideas dunha naturalidade completamente diferente, se queremos gañar á maioría da cidadanía dos Estados da Unión Europea para que apoie a empresa de cambiar o *status quo* político. É necesario vincular esa idea coa preservación dunha cultura e unha forma de vida específica, que hoxe está en perigo. A gran masa dos cidadáns europeos está disposta a cerrar filas para defender unha forma de vida que, con excepción do ámbito que quedou tralo Pano de Aceiro, puideron conformar durante os últimos dous tercios do século pasado. Desde logo que o rápido crecemento económico foi o alicerce do Estado social, no marco do cal se rexeneraron as sociedades de posguerra. Sen embargo, o único resultado desa xeración foi un modo de vida baseado no benestar e a seguridade, que serviron de base para o florecemento da diversidade nacional dunha cultura centenaria que se renovara de forma atractiva.

## [Alen do mercado]

As vantaxes económicas da integración europea son un bo argumento para seguir ampliando a UE máis alá da dimensión económica, no contexto dun atractivo cultural de grande alcance. A ameaza desta forma de vida e o desexo de preservala incentiva para elaborar unha visión da futura Europa que estea en condicións –de forma innovadora– de encarar os retos dos nosos tempos. No seu magnífico discurso do 18 de maio de 2001, o primeiro ministro francés, Lionel Jospin, sinalou que “o modo de vida europeo” é o contido do proxecto político: “Ata hai pouco, os esforzos da Unión Europea concentrábanse en crear a Unión Económica e Monetaria... Sen embargo, agora necesitamos unha perspectiva cun alcance maior; en caso contrario, Europa decaerá e converterase nun mero mercado, que

sufrirá ante o embate da globalización. Porque Europa é, por certo, moito máis ca un mercado, é sinónimo dun modelo de sociedade que ten profundas raíces históricas”.

Sen embargo, cabe preguntarse se os nosos pequenos ou medianos Estados nacionais, cada un en por si, poderán manter a súa capacidade de resistir a paulatina asimilación a aquel modelo social que trata de impoñer o réxime económico mundial predominante nos nosos días. Na medida en que os europeos se propoñan compensar as crecentes consecuencias sociais negativas, por exemplo en canto á distribución de bens, e traten de establecer certas regras reguladoras da economía mundial, maior debería ser o seu interese nas posibilidades dunha Unión Europea que participe de igual a igual no círculo dos ‘Global Players’.

Coa data de ingreso dos Estados de Europa central e oriental, a mesma UE obrigouse a abordar as reformas, posto que a adhesión de doce países relativamente heteroxéneos en canto á súa economía e sociedade aumentará necesariamente a complexidade dos mecanismos de acordos e decisións. E para poder afrontar esas novas tarefas, é necesario, desde logo, afondar na integración. Desgraciadamente, o Cume de Niza non levou á práctica as reformas necesarias; non foi posible aproveitar o problema actual da ampliación como panca para solucionar problemas profundos de carácter estrutural.

Eses problemas maniféstanse, sobre todo, na relación desequilibrada entre a densa integración económica, por unha parte, e os vínculos políticos que son máis ben frouxos; ademais, outro tema é, desde logo, o déficit de democracia que caracteriza os procesos de toma de decisións no marco da UE.

A discrepancia entre a integración económica, que por certo está moi avanzada, e a integración política que a duras penas trata de alcanzala, podería superarse mediante unha política que apunte á formación de niveis políticos crecentes, co obxectivo de seguir o ritmo dos mercados desregulados. Sen embargo, a coordinación de máis campos políticos implica, desde logo, unha concentración de facultades e atribucións que agrava outro dilema.

O tupido manto das decisións europeas, a incompreensibilidade das súas orixes e a imposibilidade da cidadanía europea de participar na súa elaboración provocan, naturalmente, desconfianza na base. Os euroescépticos rexeitan un cambio do fundamento da lexitimación da UE –de tratados internacionais a unha constitución europea– argumentando que “non hai un pobo europeo”, como indica o ex xuíz constitucional alemán Ernst-Wolfgang Bockenforde. É dicir, o que parece faltar é o suxeito dun proceso constituínte, aquel colectivo singular chamado



“pobo” que se pode constituír a si mesmo como nación de cidadáns. Sen embargo, esa “tese do non demos” recibiu fortes críticas, tanto polas categorías que usa como desde o bando empírico. Desta maneira, indícase que non é admisible confundir a nación de cidadáns cunha comunidade prepolítica que comparte un mesmo destino, e que está unida por unha orixe, idioma e historia comúns, posto que esa definición non abrangue o carácter voluntario dunha nación de cidadáns. Así mesmo, os críticos indican que a identidade colectiva dunha nación de cidadáns non se pode considerar illada do proceso democrático que foi o seu berce.

Este contraste de nación de cidadáns e nación dun pobo reflicte, tamén, o gran logro do Estado nacional democrático, que mediante o estatus da “ciudadanía” deu a luz unha solidariedade completamente inédita posto que é abstracta, e que é transmitida polas leis.

Anque o idioma e a forma de vida comúns facilitaran o proceso de formación de conciencia, o feito de que a democracia e o Estado nacional se desenvolvesen ó mesmo ritmo non permite supoñer unha prioridade do pobo ante a república. Máis ben trátase dun proceso circular, no transcurso do cal a conciencia nacional e a cidadanía democrática se estabilizaron reciprocamente.

Os dous elementos, conxuntamente, desembocaron no novo fenómeno da solidariedade baseada que desde entón é a masa aglomerante das sociedades nacionais. Esta é a historia do xurdimento dos Estados nacionais europeos, que nos permite aprender que as novas formas de identidade nacional teñen un carácter artificial que se constituíu unicamente en determinadas circunstancias históricas, durante un longo proceso que abrangueu todo o século XIX.

A formación de identidade é froito dun doloroso proceso de abstracción, o que finalmente acabou coas lealdades locais e dinásticas, e cunha coraación que é a conciencia de cidadáns democráticos de pertencer á mesma nación. Se este postulado se apegue á verdade, non hai razón para supoñer que a formación dese tipo de solidariedade baseada no ente estatal se esgote, necesariamente, nos límites do Estado nacional.

Non obstante, as condicións en que naceu a conciencia nacional recórdannos ás premisas empíricas que deben ser satisfeitas para que unha formación de identidade tan improbable supere tamén as fronteiras nacionais: primeiro, a necesidade dunha sociedade cívica europea; en segundo lugar, o xurdimento dunha opinión pública europea cunha clara conciencia política, e en terceiro lugar, a formación dunha cultura política.

## [O comezo: o referendo]

Estas tres premisas funcionais dunha Unión Europea cun ordenamento democrático tamén se poden comprender como puntos de referencia de evolucións complexas pero converxentes. Eses procesos poden ser acelerados e focalizados nun punto de converxencia mediante unha constitución que teña, por así dicir, un efecto catalizador. Europa tense que aplicar a si mesma, de forma reflexiva, a lóxica daquel proceso circular no marco da cal o Estado democrático e a nación se procrearon mutuamente. Por esta razón, é necesario iniciar ese proceso cun referendo constitucional tras un amplo debate en toda Europa. O proceso constituinte é, por si mesmo, un excelente medio dunha comunicación que sobrepase os límites nacionais. Unha constitución europea non soamente poría manifesto o desprazamento dos centros de poder que tivo lugar tacitamente, senón que tamén impulsaría novas constelacións de poder.

## [Primeiro]


Unha vez que a Unión Europea poida cobrar os seus propios impostos, alcanzando así a súa autonomía financeira, e unha vez que a Comisión Europea e un Consello Europeo consolidado compartan funcións gobernamentais, o Parlamento Europeo –que estaría desempeñando unha función lexislativa competitiva– tamén tería que estar en condicións de aproveitar mellor as súas xa considerables atribucións e “poñerse mellor en escena”. Deste modo, o eixe político inclinaríase, das capitais nacionais, a Bruxelas e Estrasburgo. A superposición transnacional de intereses e valores paralelos favorecería, qué dúbida cabe, o xurdimento dun sistema europeo de partidos políticos e de organizacións e redes transnacionais.

## [Segundo]

É indubidable que o déficit democrático que afecta a UE unicamente se poderá reparar cunha opinión pública europea que sirva de marco ó proceso democrático.

## [Terceiro]

Por unha parte, a opinión pública europea depende do impulso vital dos actores da sociedade cívica; non obstante, tamén necesita o marco dunha cultura política común. A



pesar de que, evidentemente, ata o século XIX os intelectuais non viron ningún motivo para cavilar sobre a idea e a natureza de Europa, entrementes se está levando a cabo un aflixido debate. Aflixido porque os logros da cultura europea se estenderon por todo o mundo; tómese como exemplo o cristianismo e as súas misións, ou as conquistas seculares como os logros científicos e técnicos, desde o dereito romano e o Código Napoleónico, ou o Estado nacional, a democracia e os dereitos humanos. Sen embargo, dúas experiencias específicas de Europa atoparon un eco notable. Na súa historia, Europa viuse enfrontada a conflitos profundos e estruturais, tanto na dimensión social coma na temporal. Eses conflitos foron moito máis graves cós que afectaron a outras culturas. Esas raíces explican, por certo, a disposición á expansión agresiva e o alto potencial de violencia en Europa. Non obstante, os europeos tamén reaccionaron de forma productiva ante esa situación, e sacaron dúas leccións principais: vivir con conflitos duradeiros estabilizados e unha postura crítica ante o seu propio pasado.


Nesta dimensión social, a Europa moderna desenvolveu procedementos e institucións para encarar os conflitos intelectuais, sociais e políticos. No transcurso da súa a miúdo dolorosa e patética histórica, Europa aprendeu a encarar exitosamente a competencia e a contenda entre os poderes eclesiásticos e os seculares, así como o abismo entre a fe e a ciencia, a loita endémica entre as súas diferentes confesións relixiosas; ó final, Europa tamén puido resolver a inimizade e rivalidade entre os seus Estados nacionais belicistas. Estes logros conseguímolos non solucionando eses conflitos, senón que facéndooos permanentes mediante a súa ritualización, converténdooos en fonte de enerxías innovadoras. Os quebros, discontinuidades e tensións que se produciron na dimensión temporal –inmanentes a tódolos procesos de modernización– a Europa da Revolución Francesa contestou coa competencia ideolóxica entre os partidos políticos. O sistema clásico dos partidos garante a reprodución dun amplo espectro de interpretacións conservadoras, liberais e socialistas da modernización capitalista. Á zaga dunha apropiación heroica dun riquísimo legado xudeu e grego, romano e cristián, Europa aprendeu a encontrar unha postura adecuada ante o carácter dobre, cal rostro de Jano, da Modernidade. En todo caso, o universalismo igualitario e individualista –que ata hoxe non segue dando a súa impronta– non é o menor dos logros da Modernidade europea.

A esencia da identidade europea é, desde logo –máis có carácter deses dolorosos procesos de aprendizaxe– os seus resultados. O recordo do abismo moral ó que nos levou a tiranía nacionalsocialista concédelle á nosa actuación o valor dun verdadeiro logro. Este trasfondo histórico podería achandar o camiño a unha democracia posnacional que se apoie no mutuo recoñecemento das diferencias entre as culturas nacionais, orgulloosas de si mesmas. Nin a “asimilación” nin a simple “coexistencia” son os modelos da nosa historia, unha historia que nos ensinou a forxar formas cada vez máis abstractas dunha “solidariedade entre estraños”.



A cidade muda de pel coma unha serpe  
abrupta,  
corazón.  
A cidade corazón.  
O corazón da cidade que vai cambiando de color.  
Coma unha serpe, cambiando de color.  
A cidade  
a túa, a miña, a nosa  
cidade, corazón.  
De color.  
A cidade vai cambiando o corazón.  
Coma unha serpe de color,  
corazón,  
vivimos nunha serpe que vai cambiando  
a color do corazón.

FRAN aLONSO



**As paisaxes de Galicia**





# Paisaxes urbanas e residenciais en Galicia

Por Román  
Rodríguez González

# C

ando se fala de paisaxe a imaxe mental que se proxecta na maior parte da poboación é dun val, un monte, unha praia ou a panorámica de calquera espazo natural. Normalmente o perfil dunha cidade, a vista oblicua dela, ou unha praza significativa, non se interpretan nun primeiro momento como unha paisaxe, como unha paisaxe urbana. Sen embargo as imaxes mentais e percepción colectiva de localidades, rexións ou países normalmente aparece vencellada a perspectivas urbanas. Máis concretamente a compoñentes

monumentais urbanos que se identifican e se asocian en moitas ocasións cun territorio. Así, por exemplo, o símbolo perceptivo por excelencia de Francia é a Torre Eiffel, o de Rusia o Kremlin, o dos USA a liña de edificación de Manhattan, ou en Galicia a Praza do Obradoiro coa fachada da catedral. Con contadas excepcións, como as cataratas do Niágara, ou as Victoria, o canón do Colorado, ou o volcán Fuji Yama, en Galicia podería ser a panorámica dunha ría, as paisaxes naturais móstranse como identificativas para o gran público dun territorio determinado.

A paisaxe, entendida como a percepción visual que existe dun espazo, adquire, segundo María de Bolós, un evidente valor subxectivo asociado a aqueles elementos singulares que favorecen o coñecemento cognitivo do mesmo. Na maior parte das paisaxes existentes a acción humana está presente. Pero esta vai ser especialmente forte nas urbanas, ata o punto de que os elementos antrópicos anulan e substitúen por completo os posible elementos bióticos existentes (vexetación natural, cursos fluviais, formas topográficas...) que son transformados e, na maior parte das ocasións, fanse desaparecer. A paisaxe urbana débese entender, entón, como unha construción social que reflicte as cambiantes características socioculturais e os intereses dos grupos humanos que a constrúen ó longo do tempo. Por isto, a análise das paisaxes urbanas é, en definitiva, a análise da historia socioeconómica e política dos grupos humanos que as construíron e, moi especialmente nos últimos anos cando as porcentaxes de poboación residente en áreas deste tipo, tamén en Galicia, aumentan de modo progresivo.

Como manifestación humana a diferenciación dunha paisaxe implica falar de modelos sociais, culturais e de rendibilización do espazo tamén diferentes. No marco dun encontro deste tipo, centro no *feito diferencial* da paisaxe galega, é necesario cuestionarse ata qué punto é posible defender a existencia dunhas paisaxes urbanas individualizadas e diferenciadas. Pois esta circunstancia implicaría unha ausencia de relacións e influencias nos modelos de facer cidade e unha carencia de fluxos de información no que atinxe a valores estéticos, técnicas constructivas, e mesmo nas estratexias dos axentes urbanos que, na nosa opinión, non foron comúns ó longo da historia, senón que cada vez son máis patentes tendéndose cara a paisaxes urbanas cada vez máis uniformes, e globais. Proba desto é que moitos dos máis significativos proxectos arquitectónicos dos últimos anos, definitorios dunha parte significativa das paisaxes urbanas contemporáneas, nos son obras de arquitectos galegos. Así a presenza de J. P. Kleihues, de Álvaro Siza ou de Isozaki, e a formación adquirida por moitos arquitectos galegos no exterior (tamén a posta en marca de intervencións propias), son síntomas inequívocos da continuada interrelación existente.

Esta situación non debe entenderse en clave de aculturación. Ó contrario, supón un enriquecemento que, por outra parte, non é nada novo, pois desde a construción da Muralla de Lugo as interrelacións e as influencias entre os diferentes territorios son continuas, especialmente no eido das paisaxes monumentais. Tampouco no espazo urbano cotián se debe falar dunha exclusividade, xa que os distintos estilos arquitectónicos tiveron a súa representación nas nosas cidades. Nos últimos anos a tendencia uniformizadora faise moi patente, pois dous dos procesos máis significativos que se están a experimentar son comúns en numerosos asentamentos. Así as recentes paisaxes urbanas de carácter residencial fíxanse nas periferias coa construción, cada vez máis intensa, de urbanización de chalés e emparellados, e pequenos núcleos satélites. Séguese o modelo urbanístico dos USA, tendo cada vez unha maior presenza na nosa percepción do que son as cidades e nas imaxes que se perciben mesmo a través de medios tan poderosos como a TV (Médico de familia...) ou o cine (Adosados, Show de Truman...).

Un segundo proceso de interese, xeral para as urbes galegas, e para outras moitas, é a recuperación e rehabilitación das áreas históricas das cidades. Neste caso téndese a seguir uns mesmos criterios estéticos (materiais nobres, arranxo de fachadas...) e funcionais (servicios de ocio, culturais, comercio especializado...) que

están dando como resultado que aqueles espazos máis definitivos dentro das cidades, e que deberían ser os máis diferenciados, están nunha situación de progresiva estandarización. Esta situación poténciase coa colocación de novo mobiliario urbano que, en moitas ocasións, é o mesmo para cidades moi dispares, está dando lugar á aparición do que xa se está comezando a coñecer como o "no lugar", onde, quizais, os principais elementos de diferenciación estriben nos materiais empregados (granito, calcaria, ladrillo...) e nas diferentes solucións técnicas ofrecidas na adaptación das edificacións ós elementos climáticos e ambientais (occos externos, orientación, forma das cubertas...).

Retomando a idea da paisaxe como unha manifestación social, ó ser concibida e trazada polo home en función dos seus intereses específicos, é necesario ter en conta, en primeiro lugar, que as imaxes e as formas urbanas fórmanse ó longo do tempo e, en segundo termo, que a cidade reproduce de xeito máis ou menos lineal a estrutura social tanto na súa morfoloxía como na súa propia organización interna. Así os sucesivos momentos históricos presentan unhas pautas concretas de concibir o espazo urbano en resposta ás necesidades de cada un. Os axentes determinantes na acción urbanística e paisaxística, as tecnoloxías aplicadas á edificación, o contexto socioeconómico, os valores ideolóxicos ou culturais, ou, entre outros aspectos máis, o modelo de relación entre os distintos grupos humanos, evolucionan dando lugar, neste caso, á aparición de diferentes fases e xeitos de concibir as paisaxes urbanas que se poden observar na actualidade. Pola súa parte estas, ó ser a correspondencia entre as formas arquitectónicas e o sistema de organización social, non son uniformes dentro de cada cidade. Identifícanse moitas paisaxes dentro de cada unha, núcleos históricos, barrios de vivendas sociais, ensanches burgueses, urbanizacións periféricas... onde os elementos edificativos, a súa función dentro do tramado urbano interno, ou a poboación que reside neles son diferentes, e as paisaxes resultantes tamén o son. A paisaxe urbana evoluciona así coa sociedade ó longo do tempo e reproducése as súas características máis definitorias e, tamén, as súas propias contradicións.

## [ As paisaxes urbanas galegas ]

Ó falar das paisaxes urbanas dun territorio concreto, neste caso Galicia, un primeiro paso a dar é delimitar o que se considera urbano ou non. É moi clara para o noso país a utilización desta cualificación para as sete cidades principais, pois nelas móstranse tódolos elementos definitorios do que se considera unha cidade. Sen embargo complicase a reflexión se introducimos dentro do mundo urbano outros núcleos como as vilas, ditos sistemas de relación social, os caracteres socioeconómicos e culturais dos residentes en cada espazo ou as propias funcións económicas non residenciais que nel se dan.

Deste xeito as paisaxes urbanas como percepción visual non só están formadas por elementos arquitectónicos e físicos. Estes, pese a ser os máis relevantes nas vistas panorámicas, intégranse formando un sistema de interrelacións coas súas funcións que se desenvolven no seu interior, coas características socioeconómicas da poboación e cos sistemas de relación sociocultural. Para identificar estes últimos é necesario abordar a súa análise a unha escala espacial máis reducida que dá lugar a unha sectorización intraurbana da cidade e das súas paisaxes.


Para Galicia, e centrándonos neste caso nas sete cidades principais é factible formular a existencia de diferentes paisaxes urbanas que tenden a reproducirse nelas. Desde os núcleos históricos ós novos espazos urbanos das periferias, as cidades galegas estrutúranse internamente en diferentes barrios e sectores que responden a sucesivas e diferenciadas formas de actuar sobre a cidade e de crear, por conseguinte, as súas paisaxes. Tense levado a cabo un exercicio de aproximación ás posibilidades de marcar os distintos sectores urbanos que con maior ou menor linealidade se identifican nas urbes do país.

En primeiro lugar topámonos cos núcleos históricos, moitos deles de orixe medieval no trazado da súa planta, se ben os elementos arquitectónicos son máis recentes predominando pegadas das edificacións construídas nos séculos XVIII e XIX. Correspóndense cos espazos intramuros primixenios, co cal o sistema de rúas tende a reproducir unha forma circular, organizándose a partir das distintas prazas públicas que abren as perspectivas visuais, presentando certa irregularidade e unha habitual estreiteza. Dentro delocalízanse os elementos referenciais de carácter monumental e patrimonial que constitúen as paisaxes de referencia (igrexas, catedrais, pazos urbanos...). Ata mediados do pasado século practicamente eran a parte máis importante da cidade, tanto cuantitativamente debido ó cativo tamaño das mesmas, como cualitativamente ó seren os principais centros comerciais e cívicos. Tras un período de crise urbana e forte degradación paisaxística e funcional, especialmente intensa nos anos 1970 e 1980, no final da década dos 1990 experimentábase un proceso xeral de rehabilitación dos mesmos. Santiago colócase, neste sentido, como símbolo e referente, e a súa estratexia, común por outra parte en numerosas cidades de valor patrimonial semellante, é seguida por outras como Pontevedra, Ourense ou Vigo que poñen en marcha diversos proxectos de recuperación. En todos eles apóstate por unha valorización das escenas urbanas con fortes intervencións de mellora paisaxística, acompañadas da potenciación das funcións recreativas e culturais. Estase producindo, neste sentido, unha común reconversión e especialización funcional que se ben teñen grande éxito na mellora das propias paisaxes, sen embargo a nivel demográfico non son capaces de reducir o avellentamento e a perda de poboación, correndo o risco de converter, alomenos nalgúns partes dos núcleos históricos, en parques temáticos monumentais de exclusivo consumo turístico (neste sentido o caso máis espectacular é Santiago de Compostela), outras zonas residenciais de luxo (polo elevado prezo das restauracións), ou en zonas exclusivas de "marcha" nocturna.

No século XIX pónense en marcha nas cidades galegas, proxectos de apertura de novas rúas nas áreas extramuros, seguindo a idea do ensanche burgués. Créase así unha nova paisaxe urbana inspirada no modernismo característica de barrios como a Madalena de Ferrol, a Pescadería da Coruña ou Príncipe-Areal en Vigo. A diferenza do anterior márcanse unha estrutura urbana interna sobre unha trama de rúas xeométricas e regulares en contraste co anterior espazo. Convértese nos novos centros urbanos a nivel cívico e comercial, carácter que aínda manteñen hoxe pese a que no plano comercial teñen experimentado unha certa perda de protagonismo pola presión das novas áreas comerciais periféricas. Funcionalmente emprézanse aquí actividades necesitadas dunha gran centralidade intraurbana como servizos financeiros ou de xestión. Seguen a manter un considerable volume demográfico dentro da cidade pese a que tamén se identifican síntomas de abandono dalgúns edificacións.

Durante a primeira metade do pasado século aparece un novo tipo de paisaxe urbana. Neste período prodúcese tanto unha densificación dos espazos xa construídos especialmente nos centros históricos, como un impulso constructivo centrado na construción de polígonos residenciais de vivendas sociais, moitas delas promovidas desde o réxime franquista. A escena definitoria delas vai ser a de edificacións dun estilo funcional e impersoal, con moi escasos motivos decorativos, asentadas nas proximidades dos ensanches burgueses e sobre unha trama xeométrica e regular.

Na segunda metade asístese a un crecemento das cidades sen precedentes vencellado ó "boom" desenvolvementista. É unha fase na cal se define unha parte importante, alomenos a nivel cuantitativo, das formas urbanas actuais. A necesidade de acoller un crecente número de persoas procedentes do éxodo rural levou a uns elevados ritmos constructivos, fenómeno común na maior parte das cidades do Estado, estando asociados a unha desvalorización da calidade arquitectónica. Pódese individualizar a creación de tres tipos diferentes de paisaxes urbanas. O primeiro asóciase á creación de grandes barrios residenciais e polígonos de vivenda de iniciativa oficial, necesarios para ofertar aloxamento a unha po-



boación urbana en marcada alza. Destacan zonas como Coia en Vigo, Elviña na Coruña ou Caranza en Ferrol, que coinciden nun deseño de bloques de edificios dunha altura relativa, exentos, rodeados de áreas verdes, sobre un tramado viario regular. As fomas arquitectónicas son así mesmo regulares, e de certa pobreza visual polo seu carácter xeométrico e a non utilización de materiais nobres. Unha segunda tipoloxía paisaxística característica nestes anos é a aparición de espazos urbanos de edificación pechada e edificación de certa altura. O papel neste caso da Administración só é a apertura de rúas e a promulgación dunhas mínimas ordenanzas sobre a altura máxima dos inmobles. A construción realízase en rúas pechadas, de xeito espontáneo por parte dos promotores privados e cunha carencia total de espazos verdes ou de equipamentos sociais. Son áreas de gran densificación, cunha forte carga residencial e cunha utilización comercial dos baixos. A estética das edificacións é dunha baixa calidade pola proliferación de materiais pouco representativos e polos propios deseños dos inmobles. Casos moi significativos neste sentido son o Ensanche compostelán ou o Orzán e a zona da Ronda de Nelle na Coruña. Por último neste período comezan a xurdir nas periferias dos núcleos asentamentos de autoconstrución e chabolismo que forman paisaxes urbanas claramente diferenciadas. Neste caso predominan vivendas de 1 ou 2 plantas con grandes carencia de todo tipo, habitadas por minorías étnicas ou familias de moi modestos recursos. Forman colectividades pechadas sobre si mesmas e illadas da cidade, con problemas sociais fortes, delincuencia, tráfico de drogas, que elixen de modo espontáneo o emprazamento concreto dentro da cidade.

A finais dos anos 1980 e durante os 1990 créanse nas cidades galegas novos modelos de paisaxes. Despois da contracción constructiva do 1980 na década seguinte vivese outro intenso período de crecemento baixo dúas estratexias principais. Unha, centrada na posta en marcha de plans parciais, centrouse na construción de barrios e grandes urbanizacións nas periferias próximas ó espazo consolidado. É o caso de Fontiñas en Santiago ou Os Rosales na Coruña. Recóllense neste caso parte dos presupostos das décadas pasadas: ergúense bloques de edificios exentos rodeados de zonas axardinadas. A novidade radica en que, ademais da introducción duns criterios estéticos máis esixentes, planifícase a introducción netes novos barrios de centros comerciais e cívicos que contribúen a xerar unha vida social ausente nas grandes promocións das décadas anteriores. Na súa ocupación predominan clase media, funcionarios, empregados e profesionais urbanos, en razón da caracterización e o aumento da oferta laboral destes anos.

Outra estratexia está ligada ó forte crecemento edificativo experimentado nas periferias urbanas. O atractivo duns espazos, marcadamente rurais ata non hai moitos anos, medra de xeito considerable nos últimos anos. Xorde así unha nova paisaxe onde se fusionan caracteres urbanos e rurais sen solución de continuidade. Esta expansión lévase a cabo seguindo varios modelos: chalés unifamiliares exentos dentro de parcelas axardinadas, urbanizacións de emparellados ou semellantes, e a aparición de núcleos satélites situados nas vías principais de acceso ós núcleos. A escala galega esta situación enmárcase dentro de modelos de expansión e carácter metropolitano, pois o característico é que este tipo de expansión se leven a cabo en concellos limítrofes. Aquí prodúcese na actualidade as máis elevadas ratios de crecemento poboacional ó seren estes espazos os elixidos por gran parte da poboación moza para mercar vivenda (prezos máis asequibles e xeneralización do transporte individual). As paisaxes aquí diferencianse entre os pobos de nova creación nos que predomina a edificación pechada de certa altura, e as urbanizacións de chalés uniformes e pequenas zonas axardinadas. En todas elas o automóbil é un elemento fundamental e necesario e tamén se pode identificar un marcado contraste na súa ocupación en función do horario (movementos pendulares para desprazarse á cidade central). Así mesmo predomina unha percepción visual e paisaxística de mestura entre áreas construídas, espazos agrarios, restos do tradicional hábitat rural, polígonos ou instalacións empresariais e grandes



infraestruturas de acceso á cidade (Foto 11).

Ata este momento fíxose unha modelización dos principais tipos de paisaxes que se poden identificar nas cidades do país. Esta baseouse en criterios morfolóxicos, funcionais e estruturais. Enténdese que nunha achega como a presente é practicamente imposible levar a cabo unhas, por outra parte necesarias, análises máis profundas. Tampouco se entrou a valorar cales foron os elementos explicativos da formación das principais paisaxes. Exercicio que se fai a continuación centrado nas pequenas cidades e vilas do interior de Galicia.

## [ As paisaxes das pequenas cidades ]

Vistas as diferentes paisaxes existentes nas cidades galegas, a continuación enfócase un modelo de análises para analizar os elementos que interveñen na súa formación, mais neste caso aplicado ós pequenos núcleos urbanos e vilas do interior. Estes asentamentos, como xa se ten posto de manifesto noutras contribucións (Rodríguez González 1997, 1999), presentan nas últimas décadas un intenso proceso de urbanización e crecemento en tódalas súas variables socioeconómicas e espaciais. No marco desta transformación creáronse unha serie de paisaxes urbanas características e definitorias delas. Na súa formación interveñeron diversas circunstancias e axentes de modo interdependente. Nas formas urbanas débese ter en conta o emprazamento concreto de cada vila, a disposición da rede viaria e as accións que se levan a cabo polos distintos axentes humanos dentro dun marco legal determinado. Por outra parte, a súa estrutura interna, e por conseguinte a diferenciación paisaxística, vai ser resultado da conxunción de distintos factores que xeran unha segregación funcional interna dos usos do solo, en relación coa loita e competencias que as diferentes funcións levan a cabo para situárense dentro da trama urbana. Da conxunción destes elementos xorden como resultado as diferentes paisaxes urbanas que hoxe en día se poden observar.

A función que deu motivo para o xurdimento da vila, circunstancia que vai fixar o seu emprazamento, marca a historia e a forma urbana, e en boa medida vai condicionar a forma do plano mesmo a partir dos anos 1960. Pese a que unha das características definitorias das cabeceiras é a xuventude da maior parte do seu espazo edificado, algunhas delas presentan unha fonda tradición histórica desde época medieval como asentamentos destacados no seu contorno, vinculados a unha funcionalidade e a un emprazamento fundamentalmente defensivo (Ribadavia, Monforte, Viana do Bolo, Vilalba...). Tamén teñen importancia aquelas localizadas ó carón dos camiños de peregrinación a Santiago de Compostela (Arzúa, Melide e Sarria, –as dúas últimas combinan a súa situación na ruta xacobea cun emprazamento de carácter defensivo–). Por outra banda, as vilas de menor antigüidade que as anteriores xorden como lugares de intercambio económico situadas en cruces de camiño ou en vías de comunicación singulares a partir de proximidades lugares que mostran un ruído similar ó dunha entidade rural. Esta situación dáse en cabeceiras como Xinzo, O Carballiño, Lalín, Quiroga...

Este último aspecto vai ter un valor fundamental na expansión constructiva das últimas décadas. A disposición e o trazado das vías de comunicación é referente fundamental na fixación das novas edificacións. Isto dá lugar a que as formas lineais, e en estrela, pois moitas asóciase a cruces de estradas, sexan moi frecuentes nestas poboacións. Ante a ausencia dunha planificación urbanística favorecedora da apertura de rúas, as estradas que atravesan as vilas vanse converter no soporte e espazo de fixación das vivendas construídas nas últimas décadas. Isto dá como resultado a conversión das estradas en travesías urbanas que, case sempre, se converten nas rúas principais de cada núcleo. O trazado das vías de comunicación vai ter, tamén, gran incidencia no tocante á apertura dos rúas modernos, pois téndese a aproveitar os seus espazos intersticiais.

Os espazos urbanos das cabeceiras teñen un importante crece-



mento derivado das transformacións que afectaron os modelos de rendibilización económica e os esquemas culturais e de comportamento. No referente á secuencia de crecemento urbanístico interveñen numerosos actores que establecen un xogo de forzas e intereses particulares na procura de acadar un beneficio económico na meirande parte das ocasións. Este obxectivo, fundamental en toda a secuencia de crecemento edificativo dos centros comarcais nos últimos anos, pode cumprirse gracias á conxunción de dous elementos, tamén intervinientes no proceso, dos que a actitude diante do mesmo permite e/ou favorece este modelo de expansión: a sociedade civil e os poderes públicos.

A sociedade local, inmersa nun momento de cambio brusco dos esquemas de comportamento e racionalidade colectiva, pasa nun limiar temporal moi rápido, dun sistema cultural e social precapitalista e rural, a outro onde tódolos órdenes da vida en convivencia van verse supeditados a un novo esquema de organización sociolóxica no que os aspectos derivados do modelo económico capitalista van ser o eixo central. Non é tampouco estrano, por isto, que os habitantes das vilas vexan nos movementos especulativos e no conxunto de tódolos "atentados" urbanísticos que se fixeron, sobre todo a densificación en superficie, e o incremento en altura e a substitución da vivenda tradicional, un símbolo de avance e modernidade. Se a isto lle sumamos o feito de que o proceso supón a formación dun sector económico potente que dá traballo a un importante número de individuos, tódalas accións levadas a cabo son lexitimadas socialmente. E ó ser popularmente defendida se asimiladas polo groso do corpo social daquel entón, tampouco é estrano que as autoridades que poderían establecer os mecanismos necesarios para corrixir os caóticos e desartellados, na súa meirande parte, desenvolvementos urbanísticos das cabeceiras non interviñesen de forma decisiva no control e na planificación da construción do espazo. Pois isto suporía levar a cabo medidas impopulares e conxelar un dos motores económicos máis destacados do progreso dos centros comarcais (Fotos 12 e 13).

Non obstante este período brusco de transformación cultural e económica é asimilado progresivamente. A finais dos anos 1980 e nos comezos do 1990 pódese identificar xa un cambio de actitude no sistema sociopolítico onde, e unha vez vistos os erros e os problemas que supuxo este "desenvolvementismo" a ultranza, medra a conciencia da necesidade de establecer mecanismos reguladores que introduzan formas máis axeitadas de facer espazo urbano, mesmo a estas escalas tan reducidas. De aí provén a progresiva toma de conciencia por parte dos poderes públicos e a sociedade civil de promover un desenvolvemento construtivo harmónico, máis humano, que non reproduza as disfuncionalidades e os moitos "atentados" da anterior fase.

En toda esta secuencia, evidentemente, os axentes que participan directamente actúan con diferentes motivacións. Os propietarios do solo, unha vez introducido este dentro das leis da oferta e a demanda da economía de mercado, interveñen de dúas maneiras, tanto como vendedores dunha mercadoría a outros axentes (sendo lóxico que se procure acadar o maior prezo posible), como pasando a desempeñaren un papel de promotores, urbanizando a súa propiedade co afán de capitalizaren as ganancias do proceso de construción e venda. Por outra banda, e tendo en conta a extrema parcelación da terra en Galicia, e como queira tamén que no proceso edificativo os propietarios da mesma van intervir como promotores ocasionais, é importante ver como ambas circunstancias teñen unha destacada repercusión na modelación do espazo urbano. Isto dificulta a posta en marcha de programas de planificación en superficie pois cada propietario en particular mantén unha estratexia e un proxecto propio para a súa finca ou solar que case sempre tende a entrar en litixio co interese da colectividade. As vivendas adaptáanse na súa disposición ós antigos campos de cultivo que se van converter en solares. Esta característica é definitiva da totalidade dos asentamentos comarcais. A forma da finca vai condicionar a forma da edificación que sobre ela se asenta. Así mesmo, e como consecuencia dos impulsos individuais de crecemento prodúcese unha alternancia de solares ocupados e baleiros que contribúen a dar unha imaxe de desartellamento nas escenas

urbanas. Como terceira consecuencia da estrutura da propiedade e da iniciativa individual das accións constructivas prodúcese, nas áreas da inmediata periferia que rodean o espazo urbano consolidado, unha cada vez máis forte edificación de vivendas unifamiliares. Estas localízanse sobre terreos rústicos a través da súa disposición en vellos camiños rurais dando unhas paisaxes nestas periferias de mestura de usos sen ningún tipo de planeamento.

Respecto ós axentes encargados de materializar fisicamente todo o proceso, constructores e promotores, non se aporta nada novo ó recordar que actúan sobre o espazo cun único criterio: acadaren beneficios económicos da súa actividade. Nos centros comarcais os constructores ben poden realizar obras por encarga de particulares, ben poden converterse en promotores das vivendas por eles mesmos construídas. Así algún exemplo identifícase a pegada que certos empresarios do sector deixaron na paisaxe urbana, fundamenyalmente nos anos iniciais do proceso, cando este se atopaba nun estado embrionario, onde este colectivo era moi reducido e desempeñaba unha auténtica función de líderes no proceso de dar forma ó crecemento dos núcleos.

Pola súa parte, a Administración, encargada na teoría de velar polos intereses xerais e de organizar o crecemento físico, vai seguir na práctica unha táctica de actuación que se pode considerar como un "laissez faire". Como xa é sabido, as autoridades públicas desempeñan un papel fundamental no desenvolvemento dos núcleos a que, por unha parte, deben introducir mecanismos lexislativos de control e ordenación do crecemento urbano, e dos usos e aproveitamentos do solo e, por outra, deben dirixir o crecemento espacial dos centros basicamente a través da clasificación do solo e das actuacións previstas e programadas nel.

Sen embargo nos asentamentos comarcais os anteriores presupostos non se levan a cabo, especialmente nas primeiras décadas do proceso, coincidíndose por parte de tódolos investigadores desta temática, na defensa da idea de que esto derivou nun intenso crecemento do espazo edificado realizado baixo un marco legal pasivo e/ou cómplice cos axentes constructivos.

Esta actitude permisiva derivase da rapidez e a intensidade coa que se produce a expansión edificativa que colle por sorpresa ós responsables municipais sen plans urbanísticos, sen un sistema de rúas onde localizar os inmobles... cando, ademais, se trata de pequenos concellos que carecían da capacidade de xestión necesaria. Pola súa parte na conciencia social existe, sobre todo nos anos iniciais, unha interpretación pola cal o dinamismo e o progreso das vilas asóciase na mentalidade colectiva a unha imaxe de altos edificios, imitando paisaxes urbanas das cidades maiores, nun período no que o sector da construción convértese nun motor fundamental do desenvolvemento económico dos núcleos, co cal as autoridades competentes estimulan a súa actividade e, nalgúns casos, forman parte directa dela. Ademais o marco normativo necesario para canalizar o desenvolvemento urbanístico de cada vila chega tarde nalgúns casos, a meirande parte das vilas inician os seus traballos de planeamento a finais dos 1970 cando moitas actuacións estaban xa consolidadas; e noutras ocasión establécense regulamentos moi flexibles coa finalidade de favorecer en todo momento os intereses edificativos individuais. Perfilase así un divorcio entreo marco lexislativo e a praxe urbanística que afecta á meirande parte dos núcleos comarcais galegos dentro dun denominador común para todo o territorio nacional (Foto 14).

As paisaxes son, como se está a ver, un produto social que se constitúe a partir da acción dos diferentes axentes intervinientes. Nelas pódese diferenciar dous compoñentes básicos: os usos do solo e as formas urbanas. Mentres o primeiro relaciónase coas funcións e actividades que o espazo acolle, o "contido" da vida urbana, o segundo é a plasmación física, arquitectónica e do sistema de rúas, que conforman o "continente" da vila.

É característica definitiva destas poboacións o contraste que se topa entre unha organización funcional, baseada en criterios de segregación de usos, e unha desorganización edificativa, baseada pola súa parte nun difícil xogo de intereses entre os axentes intervinientes. Na distribución das funcións urbanas polo plano existe unha orde económica, na que o seu principal aspecto direc-

tor é o custo do solo, que marca a zonificación dos usos e actividades. Xunto a esta organización convive unha desestructuración paisaxística no concernente á disposición e tipoloxía das edificacións que contribúe a dotar dunha imaxe, na maior parte das ocasións, caótica e moi pobre das formas urbanas. Esta situación é potenciada polos axentes investidores (perseguido un claro afán de beneficio), permitida polos poderes públicos (cunha indecorosa permisividade) e aceptada pola sociedade civil (debido, ó noso parecer, a unha errónea concepción do progreso económico e urbano).

O custo do solo é o principal elemento a ter en conta para interpretar cómo se distribúen as actividades comerciais e de servizos, cómo se sitúan dentro da vila os grupos sociais de maior ou menor poder adquisitivo e, en definitiva, cómo se estrutura internamente a vida urbana como elemento definitorio das súas paisaxes. A esta escala, é moi fácil observar cómo no interior de cada núcleo existen rúas ou sectores especializados en ofertar unha ou outra función. En calquera vila imonos topar cun espazo central onde se localizan as actividades directrices e de maior rango funcional (delegacións financeiras, o comercio de maior especialización...). Moitas veces estas son o orgullo da poboación local, as rúas do paseo, onde se atopan, tamén, as cafeterías de maior 'caché', e onde as vivendas e os baixos acadan os prezos máis elevados. Son o centro destas pequenas cidades nas que se evidencia unha clara segregación funcional. Tópanse tamén nas proximidades do anterior outras rúas que xa non son o mesmo. A vivenda é máis barata e os baixos están baleiros. Nas saídas das estradas localízanse talleres e almacéns de diversa índole. E tamén é común identificar unha zona escolar e deportiva con colexios, piscinas, parques e outros equipamentos públicos. Esta compartimentación é o resultado da lóxica establecida polas diferentes actividades económicas e individuos por apropiárense do espazo, baixo un prisma interpretativo no cal o axioma 'maior centralidade igual a maior custo' é aceptado por tódolos membros intervenientes (foto 15).

A consecuencia desta evolución, rápida no tempo e sen uns criterios claros de rigor e planificación, dá como resultado que o espazo construído, as paisaxes urbanas das vilas, se caracterizan por unha máis que patente desorganización. Esta afectou tanto as áreas de nova creación, as posteriores ós anos 1960, como os núcleos antigos daquelas vilas de maior tradición. Respecto destes últimos, ó inicio da secuencia de crecemento van experimentar unha evolución ambivalente de conservación/degradación segundo o diferente grao de presión exercido sobre eles. Nos núcleos de máis cativo tamaño, e menor crecemento relativo, consérvanse nun nivel aceptable as tipoloxías e as construcións tradicionais, manténdose unhas paisaxes continuas ó longo das últimas décadas, diferenciándose (polo deseño das edificacións e os materiais empregados) das construcións actuais. Sen embargo, naquelas poboacións de maior desenvolvemento, ó contrario, experimentáanse procesos de abandono dos núcleos históricos e movementos especulativos. O abandono está motivado porque estes sectores presentan unha serie de disfuncionalidades de cara ós novos modelos de comportamento social. A trama urbana, irregular e estreita, é contraria á imperante 'cultura do automóbil' e, tamén, a antigüidade das vivendas é un factor que psicolóxicamente fai perder atractivo ós seus potenciais habitantes, xa que a desocupación de moitas delas introduce percepcións negativas. Noutros casos xéranse movementos de especulación sobre os espazos tradicionais, vindo a saldarse pola substitución de casas antigas por inmobles de varias plantas en moitos casos sen ningún rigor urbanístico, auténticas 'feridas' incurables que orixinan unha percepción caótica e sen referencias do espazo construído.

Pódese definir o desenvolvemento urbanístico das vilas a partir de 1960 como un proceso de crise e desestructuración arquitectónica do espazo edificado. Ata o inicio do proceso de urbanización estas eran lugar de vivendas 'nobres' construídas en cantería, con balconadas e galerías que ofrecían unha imaxe de prestixio e calidade. Estes conceptos pérdense coa brusca e moi forte multiplicación edificativa do seu espazo físico. Nas novas construcións das últimas décadas non importa tanto a imaxe de 'nobreza' como nos



anos anteriores, senón que o que máis se valora é acadar o máximo beneficio económico posible da actividade promotora.

Así, as novas tipoloxías constructivas caracterízanse pola súa indiferenciación e a súa impersonalidade, sendo bloques de edificios que, nun primeiro momento, presentaban uns baixos niveis de calidade nos materiais e acabados, xa que, diante da forte demanda existente, topaban un rápido acomodo no mercado inmobiliario. Recentemente, e como xa se dixo, as paisaxes construídas tenden a mellorar pola introducción de novas calidades, mellores materiais, dotacións e servizos, e máis coidados deseños (circunstancia debida a que cada vez existe unha maior competencia entre os constructores).

En definitiva, as paisaxes urbanas resultantes deste proceso transmiten unha imaxe de pobreza arquitectónica e simbólica onde os desequilibrios en altura, as carencias dotacionais, a baixa calidade dos modelos arquitectónicos e materiais, e outras deficiencias máis predominan nun número considerable das cabeceiras de comarca.

ROMÁN RODRÍGUEZ

Román Rodríguez González é profesor na Facultade de Xeografía e Historia na Universidade de Compostela. Participou ademais con esta ponencia nas xornadas sobre o Feito Diferencial Galego, organizadas polo Museo do Pobo Galego. Foto 1 (páxina 2): Os elementos urbanos marcan a percepción colectiva dos territorios. Foto 2 (páxina 5, superior): a actividade nas cidades galegas de arquitectos de renome internacional é catalizadora de innovacións nas formas de facer paisaxe. Foto 3: (páx. 5, inferior): As paisaxes residenciais periféricas son cada vez máis habituais e tenden cara á uniformización. Foto 4 (páx. 6, superior): os núcleos históricos están a experimentar interesantes procesos de rehabilitación nos últimos anos. Foto 5 (páx. 6, no medio): As vilas e pequenas cidades reproducen o modelo das de maior entidade. Foto 6 (páx. 6, abaixo): Os cascos históricos constitúen paisaxes urbanas de forte carácter monumental e patrimonial. Vista aérea de Santiago nos anos 1950. Foto 7 (páx. 7, marxe superior): Paisaxe urbana da Madalena de Ferrol. Foto 8 (páx. 7, medio): O ensanche de Santiago é bo exemplo do "desenvolvementismo" edificativo. Foto 9 (páxina 7, inferior): En Caranza a paisaxe urbana está formada por bloques exentos. Foto 10 (páxina 10, superior): Equipamentos comercial e lúdico de Área Central no Polígono de Fontiñas. Foto 11 (páx. 11, superior): Bertamirán xorde nos últimos anos como unha pequena cidade dormitorio respecto de Santiago. Foto 12 (páx. 10, medio): Nas paisaxes das vilas e pequenas cidades mestúranse elementos rurais e urbanos. Foto 13 (páx. 11, medio): Os desequilibrios en alturas son característicos das paisaxes destes núcleos. Foto 14 (páx. 10, inferior): Exemplo de paisaxe residencial dunha vila de tamaño medio: Chantada. Foto 15 (páx. 11 inferior): Mesmo nas vilas de máis reducido tamaño é posible individualizar diferentes paisaxes urbanas, como é o caso da Fonsagrada.

## A LUME MANSO

*A lume manso. Estudios sobre historia social da alimentación en Galicia é un libro de Xavier Castro publicado por Galaxia hai case tres anos. Un libro escrito -como indica o seu título- a lume manso... Un libro pensado, recreado e cocido lentamente. Un libro que leva a sinatura caracterial e o modo de ser de Xavier. Un libro repousado e amasado con todos os detalles da nosa cocíña, da nosa historia e da nosa vida. Un libro, por certo, do que eu fago esta recensión moito tempo despois de soren publicado e con ocasión da súa tradución recente ó español (*Ayunos y yantares. Usos y costumbres de la historia de la alimentación*, Ediciones Nivola, Madrid 2001).*

Xavier Castro \_que nos deleita cos seus artigos sobre a historia do viño en Galicia (e sobre todo na comarca do Salnés) nestes últimos tempos de *O Correo*\_ é un historiador culto e delicado en temas "alimenticios", máis que alimentarios. As súas maravillosas digresións sobre a historia do chocolate e as chocolatadas, por exemplo, son unha verdadeira delicia histórica e culinaria. Ou os aspectos sociais e culturais... Basta con reparar nas súas interpretacións sutilísimas sobre "os banquetes fúnebres, ánimas e velorios".

Si o libro de Nivola -edición española- ten un deseño de impacto, o de Galaxia -do que falamos, por ser o primeiro e por ser máis noso- aparece coitado e elegante, coma un invitado nun banquete de vodas. Ensaio color crema finísimo. Libro de historia "materialista" consecuente e homenaxe a un tempo ós máis grandes "artífices" da alimentación de "parte" do noso pobo (*il popolo grasso*, polo menos). Estou a falar de Picadillo, claro está. SuliZando tamén, ó mesmo tempo -como fai Xavier-, as penurias alimenticias do *popolo minuto*, por empregar -como tamén fai Xavier Castro na súa investigación- as coñecidas expresións renacentistas italianas á hora de caracterizar as modas sociais daquil tempo (hoxe compriría falar máis ben de cousas noutro tempo tan impensables como a anorexia ou a bulimia). É evidente que a moda impón os criterios dos miúdos e delgados fronte ós grosos e ben mantidos. Ou, polo menos, nesas estamos...

Un toque serio pero, ás veces, tamén irónico sobre o papel da igrexa na nosa alimentación ("o tempo da vixilia e o xaxún") ponlle o remate ó libro. Por último, a profusión de fontes e bibliografía consultada avísanos de que estamos diante dun traballo científico fondo. Nunha palabra, Xavier Castro investiga, informa, diverte e deleita en dous dos libros máis serios que se teñan escrito sobre a historia social da nosa alimentación.

**HERMINIO BARREIRO**

**RI**  
revista das letras 402




**Libros**



Suplemento de O Correo Galego que aparece os xoves. Coordinación: A.R. Lopez e Soedade Noia.  
Deseño: Anton Lopo; Maquetación: Carme Botana. Fotografía: Chico Miras e Chicho Seoane.  
Infografía: Teresa Tojo. Fran Domínguez e Alberto Rivadulla.  
E-mail: Rdi@elcorreogallego.es

# Igor Lugris: Poesía contra “a poesía”

# C



oñecín a este interesante poeta hai anos en Santiago. Eu sempre andaba detrás del pedíndolle que me prestase poemas seus para leros. Gustábame —e gústame— a súa poesía. Poesía crítica, sincera, divertida. Dalgún xeito a súa é unha poesía contra “a poesía”. O poeta lanza un cristal roto contra o espello no que se reflectan moitas ideas da poesía. Devólvelle á palabra todo o tacto humano do mundo. Dálle ao verso vida, movemento e mesmo humildade. Ensaia poemas como quen fai xogos da infancia, como quen constrúe música, como quen conta un conto ou baila un baile.

Publicaba en 1997 o seu primeiro libro, titulado *Quen nos defende a nós dos idiotas?* na editorial “Letras da Cal”. Referíndonos a aquel título segue afirmando Igor dun xeito comprometido, lúcido, que “estamos totalmente gobernados por idiotas e póla incultura”. Agora acaba de sacar á rua unha autoedición co título *Mongolia*. Despois de petar nas editoriais todas sen achar un oco. Considera que para os poetas novos segue sendo moi difícil publicar. “A autoedición supón esforzo económico e de traballo humano” afirma, pero tamén confesa que “che dá maior liberdade” de xeito que unha cousa compensa á outra.

*Mongolia* é o libro dun neno ferido. Mongolia é un país inventado para escapar do país noso, para reinventar o país noso. Mongolia é unha canción de filosofía e beleza. É un conxunto vivo de poemas vivos e libres. É un berro con moito, moitísimo humor. Igor é un mozo de trinta anos que te mira con timidez e bondade. Igor anda pola cidade de Santiago como quen anda por un conto feliz. Igor é un poeta precisamente porque non vai de poeta. Ten unha mirada amable que fai que estando con el te sintas ben.

Empezou a escribir poesía en 3º de BUP pois no seu instituto fixeron varios talleres nos que participou e nos que desfrutou. “Descubrí que a poesía non era ese asunto serio reservado só para uns poucos” di, e empezou dende entón a entender a literatura como “un xogo” e tamén como “un oficio”. Máis que na inspiración Igor cre no traballo diario, escribir e ler moito, ter os ollos moi abertos, practicar, soñar. El escribe tódolos días, como vivindo unha bonita historia, a historia máis bonita do mundo. Opina que hai que entender a literatura como unha “necesidade” e non como un “capricho” se non queremos que o noso sistema literario falle.

*Mongolia* está lonxe e cerca. É un lugar literario pero ás veces *Mongolia* é Galicia. Galicia respirando baixo as palabras e as ideas. Galicia baixo unha idea de humor. Baixo un cristal fino de querer romper a realidade. Opina este poeta novo que “a literatura ten unha utilidade que é axudar a entender o mundo, porque o mundo aínda hai que transformalo”. Para conseguilo o mellor camiño que o autor encontra é a ironía. Un riso que pretende ser provocador e mesmo incomodar. Afirma que “o humor está moi mal visto polo poder, a risa é preocupante para o poder”. Pero “para qué serve realmente o humor?” pregúntolle e el contesta que “o humor serve non só para presentar

as cousas dunha forma máis amable senón tamén para facer unha reflexión profunda sobre a realidade”. Tamén é unha forma máis doada de achegarse ao público. Igor Lugris fai rir nos seus recitais, cargados de humanidade, e posiciónase en contra dos “recitais que máis ben parecen velatorios” onde todo é solemne, aburrido, frío.

“Eu non me considero poeta” di, e reflexiona sobre os poetas que adoptan unha imaxe de “sobrenaturais, divinos, superiores”. El non quere eso. El quere incendiar a palabra. El quere criticar aspectos, rirse de cousas, pasalo ben, axudar a pasalo ben, entender a literatura como un arma lúdica de destapar as cousas, desacralizar a creación, debuxar palabras tristes e incómodas, chegar á xente, baixar do escenario, reintegrar todo, recitar como quen rompe cousas, facer rir, reinventar a felicidade pasando por todo o malo.

Opina que quizais non podamos falar de “xeración de poetas dos noventa” xa que as liñas dos distintos autores son moi diferentes e o único que nos une é o feito cronolóxico. Afirma de todos xeitos que tamén nos une certa “militancia na poesía”, esa tentativa de levar a poesía á xente, aos recitais, aos bares. E falando dos recitais opina que “houbou un boom, facíanse moitos recitais, e agora hai un momento de declive desta forma de comunicación da poesía co público”. “Unha das formas máis gratificantes da poesía é poder recitala” para este poeta da poesía contra “a poesía”. Recitar, confrontar, vivir a palabra impresa e morta, espírese, facer teatro, comunicación marabillosa, resistir, reaxir, coller forza. Algo pasa para que os recitais xa non estean de moda. Algo pasa para que xa non se pense na poesía.

A poesía de Igor Lugris foi considerada moitas veces pola crítica como poesía “social” e a el non lle gusta moito o termo. Xa que non fai “panfletos” nin tampouco fai “ensaio en verso”. El fai o que lle sae do corazón. Eu, máis que poesía social, diría que a poesía de Igor é unha obra moi “humana”, moi chantada na realidade, moi apegada á xente toda e especialmente á mocidade, moi enxefosa, con metáforas sorprendentes e ideas intensas e palabras exactas e unha filosofía ou liña de pensamento moi orixinal, moi persoal, moi normal. Digo “normal” no sentido de que é a expresión de Igor unha expresión marabillosa sen deixar de ser cotián e sen abandonar unha linguaxe moi actual e moi viva. Sabe facer inmensas obras de arte con ideas pequenas. Sabe ensaiar unha gran obra de teatro sen facer caso do “poeticamente correcto”. Porque non hai que esquecer que na poesía tamén hai o “correcto e o incorrecto” e as cousas singulares aínda asustan e non se aposta por elas. O que nos chama a atención é curiosamente o máis rexeitado no mundo literario, por medo, por incultura, por ignorancia. Semella absurdo, pero é verdade.

E así Igor recorre á autoedición. E sorprende cun libro en xeral ben aceptado pola sociedade. Andou por toda Galicia facendo presentacións en cidades e vilas, nesa militancia súa calada pero insurxente. El é tímido e pouco falador pero a súa expresión nos poemas é unha expresión moi viva, explosiva, con motivos, con armas, con motivos para estar atentos e vivos e ser faladores, moi faladores.

Porque na vida hai que dicir cousas, hai que facer cousas, hai que actuar. “Sobreactuar” dise moitas veces dos actores, e poderíase tamén dicir de moitos poetas, que sobreactúan, que teñen unha “pose”, e todo é hipocrísia, pero no caso de Igor non podemos dicir eso, senón todo o contrario, e alegrámonos, e celebralo, e escoitalo recitar, e ler os libros que nos ofrece.

Son libros cheos de naturalidade, mesmo de narratividade, e con moito humor, un humor necesario, un humor intelixente e atrevido e eficaz.

Os seus principais escritores referenciais son Cortázar e Ferrín, deles arranca a súa inspiración, aínda que el non sabería dicir se se nota a súa influencia na súa obra ou non. Escribe moito e desbota moito. Non cre en que o que escriben os escritores poida ser “marabillosa todo” senón que pensa que o propio escritor debe seleccionar.

Contra “a arte pola arte”, contra posturas escapistas, apegado á realidade, contra a poesía pseudoerótica, contra a poesía para elites, contra a idea de que a “poesía só a len os propios poetas”, xorde Igor, calado pero irreverente, silencioso pero radical, forte. Expresando cousas novas e dun xeito novo, comunicando alegría e tristeza, integrando a política nas cousas, buscando o oculto na sociedade, facendo xurdir a risa, debuxando unha poesía ante todo moi humana. Escapando do cinismo, dicindo a verdade. Non sendo aceptado no mundo editorial, xa que abre portas novas a mundos novos. Moi activo en xeral na sociedade. Novo pero maduro dende sempre. Dende aqueles poemas que me deixaba ler hai anos e que tanto me gustaban. Porque eran diferentes, únicos, especiais. Porque me falaban e falánde cousas moi normais pero dun xeito extraordinario, forte, vívido, orixinal.

LUPEGÓMEZ

# Pé lunar

r

reaparece Xabier Córdal como poeta, e sae da súa relativa inactividade poética pública con feridas de estranxeiro. Como se o territorio poético que nos pon por diante o vise desde fóra, como se non o/se recoñece. Ese alleamento, esa renuncia á épica e esa aposta pola lírica, mesmo testemuñal, son o callo deste novo recetario poético, ferido pero calmo. Lamento non saber explicar mellor a impresión que me viña do libro nada máis comezar a ler nel, dominado pola desolación interior e pola aceptación resignada da supervivencia sen máis que domina o poema final.

Catro anos despois de ter publicado *Fruto do teixo*, reaparece con *A vella peneira a noite*, publicado por Baía Edicións. Segundo se explica na contracapa, este xiro lingüístico emprégase nalgúns rexións para se referir ás xeadas (¿el que quere dicir con "rexión" o poeta?). O título sorprenderá ós que seguen a súa traxectoria desde o comezo con títulos como *Arianrod* e *Afasia*, porque anuncia unha postura poética menos experimental, mais introspectiva e sincera. Por iso recomendo comezar a lectura, de vagariño, por esa contracapa que sitúa nunha contemplación estrañada o eu lírico. (Fáise-me raro falar de *eu lírico* con Córdal).

Os materiais literarios característicos dos libros anteriores fanse máis transparentes. A penas quedan pegadas, esluídas, da parodia, da profusión metaculturalista, do hermetismo, da condensación, da retransmisión... Botando man do que se di no segundo poema do libro, *Tras do espello, a visión*, unha autopoética que marca a viraxe de rumbo, poderíamos dicir que neste libro se ofrece unha "restauración do chan acristalado", do material que se pisa. E no lousado débuxase, convenientemente ordenadas a partes do libro: autopoética, a cuestión da estranxeiridade con respecto á nación, a cuestión da palabra como tixolo idiomático e como material poético, un himno civil e unha serie de textos de homenaxe / autorreflexión sobre a vangarda. A linguaxe faise máis próxima. O poeta trasvístese de narrador e conta historias e, de feito, unha das partes do poemario titúlase *A ollada fixa e outros relatos*, onde se fai memoria da represión, do silencio e da inmovilización da diferenza no museo e no exotismo turístico. E non lle poñen medo as formas tradicionais de pulo épico que, por un momento, nos recordan ó Anxo Angueira de *O valo de Manselle*.

Díxase que estoutro Córdal adopta unha actitude sincera. Sinceridade empregada como unha vontade de non derivar cara á ficción nin a metapoética, de non enlevar ós lectores na arte poética, de non situalo continuamente diante de encrucilladas e in-



Os materiais literarios característicos dos libros anteriores de Xabier Córdal fanse máis transparentes. A penas quedan pegadas, esluídas, da parodia, da profusión metaculturalista, do hermetismo, da condensación, da retransmisión...

cógnitas, de guialo engordado por medio da pantalla poética á procura da autenticidade. Unha autenticidade que se sitúa inevitablemente no territorio da identidade (eu, nós) e, por suposto, da linguaxe que reforza as paredes da construción nacional. Porque tamén aquí aparece simbolizada a nación baixo a metáfora da casa, que fan pensar, por exemplo, en *Casa ou sombra* de Rafa Villar ou na recente *A casa deshabitada da familia Pena* de Raúl Gómez Pato.

Non é este o Córdal máis sorprendente, insubmisos e incontrolable. Non é este o Córdal máis rebelde e xoguetón. Estoutro Córdal, como poeta de pé lunar, deixa pegada ferida e transparenta tras os veos das palabras o seu desencantamento vital. En calquera caso, eu e nós confundense e converxen ó final nunha reflexión sobre as fanadas singraduras do heroe, díxase Manuel Antonio, díxase Xabier Córdal. O libro remata con postura de homenaxe vangardista que nos devolve ós seus anteriores libros. Esta última parte titúlase *As hélices brancas da serra do caxado* e Manuel Antonio todo o cobre. Nel hai, non pouco de repaso á paisaxe logo da batalla do combate entre a vangarda como posición ética e como proposta estética fronte á asimilación. E hai, sobre todo, un diálogo sobre a derrota e o conformismo. Esta parte remata cunha dedicatoria a Méndez Ferrín pechando un diálogo poético que, desde fóra, son incapaz de formular. Léase con vagar este último poema: toda unha declaración existencial.

Recollendo palabras do propio Córdal, *benvido sexa, entón, o pé lunar. / El restaura o chan acristalado / e a palabra que oculta*. Que recupera a memoria, que fai conto dos danos colaterais (sempre os máis importantes logo da batalla), que non impoñía a palabra, que se amosa nu diante do espello e en praza pública.

HELENA GONZÁLEZ

# Fondura

**‘ A poesía de Luís G. Tosar non engana, é dunha fondura telúrica abraiante. Tamén dunha riqueza lingüística e musical sobranceira**

# a

nda o Luís G. Tosar a darlles voltas aos seus poemas de sempre, o que non é dicir pouco, a desenguedellar os vellos argumentos cada vez máis pulidos e perfeccionados, a facer do seu canto causa común con algúns dos diferentes idiomas que se falan na península. Anda, en fin, o Luís G. Tosar no seu camiño senlleiro, seguidor da escola de si mesmo, criando igualmente escola, o que demostra cando menos que o futuro da súa poética está garantido (tamén a súa difusión extraterritorial).

Vén isto a conto pola aparición dun novo-vello volume do autor bonaerense en edición bilingüe gale-



go-catalán (lemremos que o seu libro de poemas anterior, *Madeira do meu canto* (1998) publicárase en galego e español) con prólogo –todo pureza– de Pere Gimferrer, un dos mellores poetas peninsulares modernos. Chámase a novísima entrega de Luís G. Tosar *Inovació d'un temps / Invocación dun tempo* (Viena Edicions, Barcelona 2001) e leva como subtítulo o de *poesía, 1986-2000*. A parte do limiar de Pere Gimferrer, todo pureza e brancura, para que aprendan os prologuistas innecesariamente herméticos ou pesadamente eruditos, que de todo hai na famosa viña, aparece neste volume unha nota do autor, á que me remito para que fique ben explicado de que falamos cando falamos da obra de Luís G. Tosar como a dun oleiro que dá voltas no torno ao barro feito proxecto artístico. Proxecto e tamén resolución.

Quérese dicir que Luís G. Tosar volve decote ás orixes e vai desde estas aos finais deixándolle espacio e tempo ao lector para que no interin alente e tome folgos por mor de continuar nadando entre tanta fondura. Quérese dicir igualmente que en *Inovació d'un temps / Invocación dun tempo* están en boa parte as diferentes obras e antoloxías deste autor teimosamente lírico e tenramente épico, inserindo nel anacos de *Campás de recalada*, libro de poemas a dicir do autor “iniciado en 1993 e agora, por fin, definitivamente rematado e á espera de poder editalo en Galicia”.

Isto último semella un chisco preocupante. ¿Como é que este poeta, auténtico poeta, ten problemas –semella inferirse da súa declaración– para que a súa poesía vexa a luz entre nós? ¿El logo non quedaramos en que Galicia é un dos sitios do mundo onde é máis doado publicar libros de poemas? Aquí en verdade publican poesía Pelé, Melé e o rabo da vasoira, o que en verdade non axuda a

que a xente do común saiba distinguir e afastar as árbores da fraga. Así as cousas algo estraño está pasando cando Luís G. Tosar, quen fora de Galicia publica en editoras prestixiosas como Visor ou Viena non teña facilidades na propia terra. Cousas veredes...

A poesía de Luís G. Tosar, en fin, e este libro mesto e fluído non engana, é dunha fondura telúrica abraiante. Tamén dunha riqueza lingüística-musical sobranceira. É que en poesía a palabra, o manexo sabio dela, é algo obviamente esencial. Logo hai un Tosar irónico, cando non decididamente sarcástico, que ten moito que aportar a unha poesía como a nosa, tal vez excesivamente beatífica, un pouco ás veces como tirada dun beaterio. Está igualmente o Luís G. Tosar viaxeiro, que a min é o que me ten máis dubitante porque penso que unha cousa é a emoción viaxeira e outra ben diferente o vivacartaxenismo máis ou menos deslumbrante; unha a conmovión aventureira e outra, tan distinta, a estampa postal na que ás veces incorre o autor bonaerense, aínda que non precisamente cando se move por Venecia, aí, nese espasmo turístico (e belísimo, claro) e onde podemos atopar a un Tosar desmedido, sanamente desmedido, sen concesións ningunha a outra galería que non sexa a dos seus fantasmas (e fantasmóns) particulares que son uns cantos.

Mais moi por riba de todo isto aparece o Luis G. Tosar, xa se dixo, telúrico-telurista e tamén o que provoca unha fervenza de humanidade, e non aquela da que naufraga en resesas e periclitadas augas político-sociais. A tradución catalana do volume é de Pau Joan Hernández, fiel e xa que logo en absoluto recreativa. O fermosísimo prólogo de Pere Gimferrer exacto na súa brevidade.

**VINCENTE ARAUAS**

# My favorite things

Antes da publicación de *Lolita*, cando aínda daba clases polas universidades norteamericanas, Vladimir Nabókov repetía de cote unha frase ós seus alumnos de literatura: *Agarimade os detalles*. O peiteado de Emma Bovary, a lousa no patio dos Guermantes ou o departamento do tren no que viaxaba Ana Karenin de Moscova a San Petersburgo son algúns deses pormenores nos que o escritor ruso insistía de xeito teimudo e que para el constituían un elemento esencial da ficción literaria. Pois se na novela son eles os que poden aumentar tanto a verosimellanza coma a capacidade simbólica do narrado, no conto eses "detalles significativos" viran esenciais por mor da economía esixida á narración, na que calquera compoñente da ficción, por mínimo que sexa, nunca pasa desapercibido.

Esta é a idea que predomina na mente do lector logo de ler As fillas do defunto coronel, un libro no que Edicións Xerais, dentro da serie *As Literatas* da súa colección de peto, publica a tradución galega de tres dos contos de maior sona de Katherine Mansfield, escritora neocelandesa que durante o primeiro tercio do século XX viviu en Inglaterra, onde tratou ben de preto xente coma Virginia Woolf e o seu Grupo de Bloomsbury ou D. H. Lawrence. O seu segundo home, o editor e crítico John Middleton Murry, axudaría grandemente á difusión póstuma da obra da escritora publicando os seus coñecidos diarios.

Como afirma Teresa Caneda, traductora e autora da introducción, a traxectoria literaria de Katherine Mansfield viuse determinada polo "esforzo dunha vida dedicada a explorar os límites do socialmente aceptable". E é esta arela por subvertela orde social a que se ve reflectida, de maneira distinta e en diferente grao, nos contos recollidos aquí.

As fillas do defunto coronel, publicado por primeira vez en 1922 xunto con *A festa do xardín*, conta, nun ton entre humorístico e costumista, a situación de marasmo na que quedan dúas mulleres solteiras logo da morte dun pai que gobernaba a súa vida (repárese en que o pai era coronel), pero faino sen a penas traslucir esa ambigüidade simbólica que noutros casos arrequeña o texto literario, e que tenta expresar unha mensaxe revolucionaria pero que tamén é a mostra da loita da propia autora por aceptarse a si mesma. Ambigüidade que si se amosa claramente en *Estar no ceo* (1920), relato sobre unha xuntanza de amigos que en realidade podía ser un manifesto, abofé que un chisco temeseño, sobre unha sensibilidade diferente para a que

"a civilización –ou as convencións, diríamos nós– é ben máis ca necia". Desta volta trátase dunha muller casada que ve nunha simbólica pereira "alta, ateigada de moreas de flores [...], inmóbil e perfecta, debuxando a súa serenidade contra un ceo verde xade" o vencello coa misteriosa señorita Fulton, quen, malia sentar na butaca "máis fonda e máis baixa" podía albisca-lo que a árbore significaba para as dúas mulleres: se cadra un mundo de plenitude que se lles ofrecía xenerosamente e no que os desacougantes gatos –grises e negros, ¿os homes?– xa non arrastraban o seu bandullo pola herba.

Pola súa banda, *A festa do xardín*, o último conto do libro, é o que deixa ver máis claramente unha crítica social cara á clase dominante. Unha familia rica organiza unha festa no seu xardín, con todo tipo de luxos e mesmo orquestra, pero unha das fillas, Laura, acaba sabendo por casualidade que nas casas de xente humilde da súa veciñanza un home morreu nun accidente; por iso pretende suspender a festa, para que no dó non sintan a música da orquestra. Neste conto, o traballo que Katherine Mansfield leva a cabo cos detalles significativos acada o seu maior logro: o abraio de Laura ante a sensibilidade amosada por un traballador que "arrincou unha ramiña de lavanda, levou o polgar e o índice ata o nariz e uliscou o recendo"; as casas "pequenas e pintadas de cor chocolate" da xente humilde, que estaban "alá abaixo, na escuridade dunha valgada fonda", en comparación co tirador da porta "grande e de cristal" que daba acceso ó cuarto da súa nai; ou o extraordinario uso que a escritora fai dun sombreiro novo, "negro e reberetado de margaridas douradas", que a nai lle regala a Laura para a convencer de que non deben suspender a festa e

que de ser "extraordinario" e "deslumbrante" ós ollos dos convidados vira auténtico estigma da inxustiza social.

O libro de Katherine Mansfield parécenos, logo, un bo exemplo dunha das importantes achegas que está a face-la serie *As literatas* ó noso panorama editorial: outro tipo de literatura para outro tipo de lector, aquel ó que lle presta xebrar no texto –unha das nosas teimas preferidas– en procura deses detalles que cómpre agarrar para tirar da literatura máis do que semella ofrecernos.

hADRIÁN IOUREIRO

# Plena xuventude

Hai unha xuventude que se copia do modelo ó uso pra venderse a baixo prezo nos mercadillos da literatura e outra que só se conquista envellecendo, como escribiu Michelet, pra ceibala dos seus grilletes e vivir de acordo ó seu impulso orixinal.

Aprender a morrer é bastante pra un filósofo; o artista debe aprender a morrer novo.

A xuventude está hoxe en día moi desprestixiada. Equivócase coa súa aparencia externa e coa persistencia de certas maneiras infantís. Nunha sociedade que pretende dilatar a infancia ata confundila coa madurez, a verdadeira xuventude a penas acontece; cando ten lugar é fulgurante como nas épocas da tuberculose. Ollo o meu derredor e non vexo máis que nenos e vellos de calquera idade.

Camilo José Cela, un púxil da literatura nun país e un tempo nos que as verbas foron –e son– máis motivo de rifa que regulamento de boxeo, morreu en plena xuventude. Seguirémolo a ler: Como dixese Maeterlinck, nós, os máis orgullosos dos primates, non sabemos dar unha puñada.

A laboura realizada por Cela na desconstrución dos costumes literarios ibéricos non ten parangón. Ninguén foi capaz de manter o seu ritmo, ata o punto de que

as súas grandes obras semellan completamente alleas á historia recente da literatura española que, salvo excepcións (Juan Benet, Juan Goytisolo, Julián Ríos), deixou pasar o século XX mirándose a si mesma e ignorante do que sucedía polo mundo. A min interésame o Cela posmoderno, que publicou *Oficio de Tinieblas 5* e *Cristo versus Arizona* mentres a narrativa en castelán se refuxiaba na flaccidez do realismo máxico e Raymond

Carver e os seus epígonos popularizaban en Norteamérica unha versión minimalista do costumismo picaresco. El escolleu, en cambio, manterse no camiño cirúrxico, extirpando o Beckett oculto entre as letras de Quevedo, de Baroja e de Va-


lle-Inclán como Picasso extraera o cubista e Bacon o expresionista que se agachaban en Velázquez.

Desafortunadamente, aínda a estas alturas do século XXI, os experimentos formais soen ser tomados por excentricidades secundarias á historia relatada. Aínda hoxe, moitos dos críticos que eloxian a Cela despachan esa parte esencial da súa obra como "tentativas de ruptura de calquera molde narrativo tradicional". ¿A que tradición se refiren? ¿Non é Beckett tradición? ¿Non é Céline tradición? ¿Non é Guyotat tradición?

¿E que dicir dos supostos "novos" que o tratan de anticuado por perseverar nas súas obsesións argumentais? A ninguén se lle ocorrería considerar rancio a Bacon por pintar papas nin antigo a Picasso por repetir meninas, pero boa parte da comunidade literaria manifesta síntomas dunha estraña decrepitude prematura que os fai completamente cegos ás formas (quizais por eso se lle presta tanta atención ó espec-

táculo mediático, que resulta moito máis colorista) Hai lecturas perigosas, porque rexuvenecen.

gERMÁN SIERRA



Katherine Mansfield

# Nietzsche ¿hoxe?

“¿Queda algún modo de sermos nietzscheanos hoxe?” Eis o inquérito que encabeza o capítulo con que remata o último libro de Francisco Sampedro, *Aristocracia imposible: O discurso político de Nietzsche* (Laiovento, 2001), unha viaxe lúcida e perspicaz ao bosco onde se acubilla Nietzsche, o anti-poeta e o antifilósofo, como o cualifica o autor do Lmiar, Méndez Ferrín, un antinietzscheano radical e furibundo sen ningún xénero de dúbidas.

Mais antes de nos internar nas espesuras onde mora, gorecido, o pensamento de Nietzsche queremos salientar unha vez máis o que vimos reiterando desde hai anos. Primeiro: nun intre en que para algúns falar de filosofía significa voltar á Idade Media, as achegas de Francisco Sampedro, hai catro anos aquela escolca sobre o imaxinario ideolóxico, hoxe este percorrido polo discurso político de Nietzsche, convértese en libros de pensamento forte, asentados nunha nidia vontade de verdade e nos proxectos humanistas e liberadores da Ilustración. Segundo: as publicacións de F. Sampedro non se sitúan nas beiras da creación literaria, senón na súa cerna. Son unha falsidade –para mágoa seguramente do mesmo Nietzsche–, como xa o deixou claro Díoxenes Laercio, as afirmacións dalgúns falangeiros que atribuían o invento da filosofía a meigas, ximnosofistas e druidas, pais, sen que ningún o poña en dúbida, da literatura. Sen embargo, iso non empece para que aqueles libros de filosofía que cumpren coa primeira das condicións da literatura, a de ser creación, deban ser encadrados dentro dos diferentes sistemas literarios, no sistema literario galego no caso que nos ocupa.

En efecto, *Aristocracia imposible: O discurso político de Nietzsche* non se limita unicamente a xeneralizar o coñecemento, non baixa dunha maneira divulgativa os saberes para a comprensión lectora. Trae consigo algo máis: a novidade, a verdade singularísima do pensar, a revolta lóxica como diría Rimbaud. Endalí que libros coma este deban ser incluídos con toda xustiza dentro do noso sistema literario.

E feitas estas precisións, acompañámonos xa, aínda que só de lonxe, a F. Sampedro nesta singradura difícil a arriscada polas augas revoltas e enigmáticas moitas veces por onde discorre o pensamento político de Nietzsche, un dos puntos “cegos” máis importantes do filósofo antifilósofo nacido en Rocken.

O propósito do libro non é outro que acender algunhas luces que permitan situar dunha forma máis xusta a Nietzsche en relación coa política. Con esa finalidade ofrécenos o autor algunhas claves para facilitarnos a comprensión das partes máis escuras e perversas dos textos nietzscheanos. Entre elas, a referencia a involución que fai Nietzsche da súa persoa na súa obra, o feito de ser o paradigma da antifilosofía, é dicir, un sofista xenial, e a representación maiúscula da contradición (“unha ruptura en dous de si mesmo” A. Badiou). Daquela, que na escrita de Nietzsche, no seu estilo singular, podamos atopar unha verdadeira pluralidade de sentidos. Pero hai algo que unha lectura do discurso político de Nietzsche non pode obviar: a recepción que o pensador tivo logo da súa morte. As súas ambigüidades, os seus equívocos, as súas explosións retóricas, o seu primitivismo frenético, deron pé a que os seus escritos foran usurpados tanto por reaccionarios, como por revolucionarios, polo nazismo, pero tamén pola extrema esquer-

da revolucionaria. A nazificación de Nietzsche constitúe unha verdadeira caricatura elaborada polo III Reich, pero algúns dos seus escritos prestábase á devandita usurpación. Nietzsche, non o esquezcamos, foi aclamado de xeito case unánime, como o inspirador do nazismo. Foi o libro de A. Bäumler, *Nietzsche filósofo e político* o que lle abriu as portas á nazificación, explotando as ideas nietzscheanas da vontade de poder e da concepción das masas como material plástico e doadamente configurable. Mais todo tiivo un antecedente: un libro que xamais foi escrito, *A vontade de poder*. Hoxe sabemos que a obra que se publicou en 1906 con ese título, non é outra cousa unha manipulación grotesca de fragmentos póstumos do tolo de Turín, realizada por un dos seus discípulos, Peter Gast en colaboración con Elisabeth, a irmá de escritor, unificando e depurando algúns retallos de escritos nietzscheanos cara a adaptalos a unha ideoloxía racista e antise-mita. Mais, como pon de manifesto Sampedro, hai algo de común entre Nietzsche e o nazismo: a ideoloxía xerárquica antidemocrática e anticomunista e algo tamén no que son totalmente antitéticos: o racismo, a xenofobia e o populismo.



F. Sampedro argumenta as súas ideas analizando polo miúdo algúns tópicos verbo da nazificación de Nietzsche: a relación co nación alemana, a cuestión xudía e o socialismo como fase superior do cristianismo. Finalmente o autor responde a esa pregunta que nos servía de encabezamento. Nietzsche, que resiste dun xeito incombustible o paso do tempo ¿resulta aprobeitábel no día de hoxe? Aproveitábel, claro está para todos aqueles que empurran o carro dunha política da emancipación entendida como proceso. O ensaio de F. Sampedro resítese a deixar todo o discurso nietzscheano en mans dos reaccionarios. Pero antes, como filósofo que se move por unha vontade de verdade, rexeita categoricamente o espírito antirracionalista da filosofía nietzscheana. É precisamente esa negación da categoría de verdade, núcleo e matriz na obra de Nietzsche, a que ten consecuencias políticas perigosas e arriscadas.

Así pois, hoxe Nietzsche pode camiñar ao noso lado non como o guía que nos ofrece remedios mesiánicos, senón como o acompañante que fai que se derruben verdades, ideais e valores solidamente alicerzados durante séculos.

Como o pensador que combate a gregarización que ten hoxe un correlato exemplar na uniformización xurrida na sociedade industrial e na democracia entendida coma o enclaustramento absoluto dunha sociedade baixo unha doxa totalitaria e que triunfa dun xeito irrefreable no modo de produción capitalista. Xa que logo, tomemos a Nietzsche como medio, non como pensamento resolutivo e moito menos como oráculo como conclúe este libro de F. Sampedro.

f. MARTÍNEZ BOUZAS

# Presadas de sal


Definitivamente, onde mellor se move Santiago Jaureguizar –literariamente falando– é na distancia curta. Volve onda os seus lectores cando aínda conservamos a impresión contradictoria deixada pola súa anterior novela *As horas sucias* e unha, que se engaiolara cando a aparición, van xa alá case sete anos, de *Freedom speak*, e que dende aquela tivo ocasión de aprender que as arroutadas entusiásticas case sempre se esgotan en si mesmas, alomenos en tratándose de literatura, ve agora confirmadas as súas daquela simples intuicións.

É a Breve crónica universal da clase obreira a culpable deste meu novo arrauto de fascinación xuvenil, un texto co que Jaureguizar gañou o Premio Lueiro Rey de nove-la curta 2001, relegando á categoría de finalista *Como levar un morto*, outra obra excelente que supuxo o regreso dun Rábade Paredes que levaba xa ben tempo afastado dos eidos narrativos. Esta decisión do xurado bota por terra unha vez máis o tan manido tópico que lles atribúe ós xurados un carácter conservador e que os converte nun foro onde se debaten escuros intereses de capelas comerciais e ideolóxicas, tópico espallado por un feixe de escritores frustrados que non ven abondo recoñecidos os seus supostos méritos literarios. Se algún analiza cun sereno distanciamento a lista de obras galardoadas nos últimos anos neste noso país non terá máis remedio que recoñecer que non faltou decisión á hora de recoñecer a audacia, no fondo e na forma, por botar man dunha división binaria máis que superada no eido dos estudos literarios pero coa que os seus lectores e máis eu ben nos entendemos.

Voltando a Jaureguizar e ó Premio Lueiro, cónstame que quizais por idade e mesmo por relacións humanas o xurado podería ter concordado máis coa extraordinariamente madura obra de Rábade: que finalmente se inclinase pola *Breve historia universal* di moito a prol da súa valentía e a súa visión de futuro. O texto de Jaureguizar é coma unha puñada na mesa, coma bañar en auga fría un neno con febre, coma tragar unha presada de sal.

Artellado en secuencias breves, vagamente identificables con esa unidade de extensión e significado que chamamos ‘capítulo’, a historia remata onde empeza: nun arrabalde urbano que serve “de parque temático para os nenos da clase proletaria” que alí soñan cun futuro liberado concretado nun ascenso fulminante no star-system do balompé. Ese é o pórtico que nos abre paso ó mundo no que viven Raúl e Leticia, un mundo rexido polas implacables leis hipotecarias e polas máis implacables leis dun neocapitalismo da perra chica que nos impón a todos –de aí que esta sexa unha crónica ‘universal’– os parámetros da precariedade laboral como única fórmula posible de realización. A acción avanza a bo ritmo gracias á contundencia estilística de Jaureguizar, a súa capacidade para construír un discurso esen-

cialista –narrativamente falando– e de recorrer ó diálogo, en doses axeitadas e con apoiaturas propias do guiñ cinematográfico. Así, atopámonos axiña cunha Leticia amablemente despedida do seu traballo nun super por mor do seu embarazo, e cun Raúl no paro que, desesperado, se introduce nunha sorte de mercado laboral paralelo, clandestino e fantástico, no que



irá adicándose a actividades tan pintorescas como actuar de Xesús Cristo nun paso de Semana Santa, coa súa coroa de espiñas e todo, ou substituír o político de turno na inauguración dunha empacadora, converténdose así en branco das iras, os ovos e os tomates do vecindario. O punto de inflexión márcao a ocasión de facer de touro nunha corrida, para divertimento dunha banda de ricos: a perda total da dignidade de Raúl conleva a da condición humana, isto é, da vida.

Mais o gran acerto de Jaureguizar é que vai espallando, polo medio do relato principal, unha serie de crónicas xornalísticas (¿xornalísticas?) que nos informan, con todo luxo de detalles e cifras, do número de nenos que no mundo viven e traballan na rúa, da venda de sangue na India, dos ecomen-saxeiros que en París e Londres sobreviven a base de facer máis de cen quilómetros ó día en bicicleta, da unidade de exterminadores de ratos que cada noite patrulla Bombai, ou do que cobran as tribos maias de Belice ou as mulleres-xirafa birmanas por seren contempladas polos turistas. As situacións que relatan estas breves crónicas son tan alucinantes que case resultan increíbles; tanto, que obrigan o lector a dúbida da súa veracidade: son tan reais que semellan inventadas pois todos sabemos que a realidade sempre, sempre, supera á ficción. E aí o

lector vese atrapado na súa propia contradición, obrigado a un exercicio de sinceridade que non sempre lle resulta grato. Sabemos que esas crónicas podémolas atopar mañá en calquera páxina de calquera xornal, e por iso mesmo meten medo, por iso mesmo preferimos dúbida do seu estatuto fenomenolóxico (xa se sabe, isto é literatura, e en tratándose de literatura, sempre nos queda a dúbida...).

Pero non vale facer trampa. Xa lles dixen que Jaureguizar é implacable como unha presada de sal, coma un baño de auga fría, como un puñetazo na mesa. Sen sermóns, sen vougos adourinamentos, sen retórica, convertémos en cómplices. Porque a literatura tamén pode abrírnos os ollos, anestesiar por tanto aparente exceso de información. Pechado o libro, ningún é xa nunca máis, inocente.

d. LOLES VILAVEDRA